Neste sentido, un exemplo que cabe destacar é a elaboración do caderno de vendas realizado pola Xunta de Galicia cun equipo técnico formado por membros do cadro de persoal de Alu Ibérica, que ofrece diferentes escenarios industriais que garantirían a solvencia da planta de aluminio.



Aínda que todo isto é inútil mentres o Goberno central non asuma a responsabilidade que lle corresponde neste proceso e non garanta un prezo da electricidade similar ao doutros países europeos. Sirva como exemplo que na última semana a industria electrointensiva en España paga un prezo final próximo a 183€/MWh, que representa máis do dobre que en Francia e un 30% máis que en Alemaña, o que está a prexudicar a todo o sector, como podemos ver recentemente na fábrica de Alcoa en San Cibrao e noutras industrias da costa cantábrica.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandarlle ao Goberno de España:

- 1) Implicarse activamente có Goberno galego e cos traballadores da planta de Alu Ibérica na Coruña para atopar unha solución que permita reactivar a actividade da man dun socio industrial que presente e un proxecto sólido e viable que dea continuidade ao seus empregos.
- 2) Pedir a mediación da Ministra de Traballo e Economía Social neste proceso e evitar que o ERTE actualmente vixente poida terminar con recolocacións ou despedimentos.
- 3) Aplicar todos os instrumentos ao seu alcance para garantir un prezo eléctrico competitivo e estable para toda a industria electrointensiva, incluída Alu Ibérica.
- 4) En caso de que sexa preciso, levar a intervención temporal por parte da SEPI da planta de Alu Ibérica co fin de facilitar a súa posterior venda a un investidor privado que garanta un proxecto industrial viable”.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2022



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 01/02/2022 11:15:22

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 01/02/2022 11:15:45

López Sánchez, Rosalía na data 01/02/2022 11:15:59

Freire Vázquez, María Begoña na data 01/02/2022 11:16:08

Pardo López, Adrián na data 01/02/2022 11:16:17

Diego Calvo Pouso na data 01/02/2022 11:16:27

Borja Vereza Fraiz na data 01/02/2022 11:16:40

Marta Nóvoa Iglesias na data 01/02/2022 11:16:59

Cristina Sanz Arias na data 01/02/2022 11:17:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



José Antonio Armada Pérez na data 01/02/2022 11:17:29

Rodríguez Pérez, Moisés na data 01/02/2022 11:17:44

José Manuel Balseiro Orol na data 01/02/2022 11:17:50

Paula Prado del Río na data 01/02/2022 11:18:02

María Elena Candia López na data 01/02/2022 11:18:20

Ovidio Rodeiro Tato na data 01/02/2022 11:18:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Pedro Puy Fraga, María Elena Candia López, Miguel Ángel Tellado Filgueira, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta, Miguel Prado Patiño, Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, José Manuel Balseiro Orol e Noelia Pérez López** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de contar cun pronunciamento da Cámara galega en relación cun asunto de tanta relevancia desde o punto de vista estratéxico e de aproveitamento dos instrumentos europeos de apoio e recuperación

Exposición de Motivos:

O Goberno galego traballa co obxectivo de contribuír á reactivación económica tras a pandemia e, con esta finalidade, busca apoiar diversos proxectos tractores, estratéxicos desde o punto de vista do emprego e nos que ten unha especial relevancia o medio rural. Estes encádranse ademais nunha das apostas de Galicia no eido de captar máis fondos no novo marco financeiro 2021 - 2027 da Unión Europea.

O reparto dos fondos europeos para a recuperación – *Next Generation* - e a captación dunha maior inversión para Galicia serán dúas das funcións principais da sociedade *Impulsa Galicia* creada cun obxectivo claro: desenvolver proxectos estratéxicos na nosa Comunidade Autónoma. A súa misión será potenciar proxectos empresariais que xiren en torno á dinamización, o progreso e a transformación da economía galega, mediante un modelo verde e dixital.

Un deles consistirá na implantación dun Centro para o impulso da economía circular. Este proxecto irá enfocado en 4 tecnoloxías de reaproveitamento e valorización de residuos: (i) a dixestión anaerobia de xurros e outros residuos orgánicos de orixe industrial, (ii) a clasificación e reciclaxe de residuos urbanos, plásticos industriais, lixo mariño e fibra téxtil, (iii) a fabricación de fibras téxtiles a partir de plásticos PET reciclados e (iv) a reciclaxe das cunchas de mexillón. O proxecto xestionará aproximadamente 2,6 millóns de toneladas de residuos ao ano.



Este proxecto consiste nun referente para o mercado na aplicación dos principios de economía circular e sustentabilidade na xestión dos residuos, axudando a que España cumpra cos obxectivos marcados pola Unión Europea para 2025, 2030 e 2035 respecto á reciclaxe de residuos, mitigando o risco de accidentes medioambientais.

O funcionamento da planta busca crear unha rede para tratar e valorizar os xurros das granxas, plásticos, residuos industriais orgánicos, lixo mariño e residuos téxtiles para procesalos e convertelos e obter como produtos finais biogás e fertilizantes de máxima calidade, que volvería ter como principal destinatario o sector primario galego.

No caso dos xurros, ofrecerá unha solución aos gandeiros que contén cun excedente que non son capaces de aproveitar producindo un produto substitutivo (biogás) para a demanda de certos combustibles fósiles altamente contaminantes. Do mesmo xeito, no caso das cunchas de mexillón, ofrecerase unha solución rendible ao sector de conserveiras e cocedoras de Galicia a través do reaproveitamento dun residuo non utilizado actualmente. Para o caso doutras tipoloxías de residuos, ofrecerá unha solución eficaz e atractiva tanto a nivel económico como medioambiental que permitirá reintroducir os residuos nas cadeas de produción doutros sectores (por exemplo. a través da produción de fibra reciclada a partir de plásticos).

Este proxecto responde á mellora da xestión de xurros na Comunidade Autónoma galega do xeito máis eficaz e eficiente posible, dando cumprimento aos obxectivos marcados pola Unión Europea para 2030 respecto á reciclaxe de residuos, e asegurando, en todo caso, a economía circular, xerando, ao tempo, emprego local.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a que:

1º) Co apoio da Sociedade *Impulsa Galicia*, cree e poña en marcha o Centro de impulso á economía circular cos fondos europeos Next Generation, unha vez se produza o reparto dos mesmos.

2º) Instar ao Goberno a que introduza liñas de apoio no marco dos fondos europeos *Next Generation* que fagan posible o desenvolvemento deste proxecto estratéxico para o futuro de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/02/2022 11:44:29

María Elena Candia López na data 03/02/2022 11:44:53

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/02/2022 11:45:13

Daniel Vega Pérez na data 03/02/2022 11:45:25

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/02/2022 11:45:50

Raquel Arias Rodríguez na data 03/02/2022 11:46:16

José Antonio Armada Pérez na data 03/02/2022 11:46:52

Cachafeiro Anta, Belén na data 03/02/2022 11:47:07

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 03/02/2022 11:47:16

Borja Vereza Fraiz na data 03/02/2022 11:47:24

Marta Nóvoa Iglesias na data 03/02/2022 11:47:34

Cristina Sanz Arias na data 03/02/2022 11:47:48

Pardo López, Adrián na data 03/02/2022 11:47:58

Rodríguez Pérez, Moisés na data 03/02/2022 11:48:08

José Manuel Balseiro Orol na data 03/02/2022 11:55:02

Noelia Pérez López na data 03/02/2022 11:55:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione cantos antes diante deste tema tan importante para o sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por terceiro ano consecutivo, e inexplicábel e incomprendiblemente, o Goberno español está a impedir a pesca e a comercialización do marraxo dientuso ao sector do palangre de superficie galego, único no Estado que dirixe a súa actividade a esa especie, entre outras.

A decisión da Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (ICCAT), tomada na súa reunión do pasado mes de novembro e en vigor dende xaneiro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deste mesmo ano para as dúas vindeiras campañas, vén de prohibir reter, transbordar e desembarcar, total ou parcialmente, marraxo dientuso do Atlántico Norte.

Malia que era unha decisión agardada polo sector, volve ser un golpe durísimo para unha frota que fixo enormes esforzos dirixidos á sostibilidade dos recursos nos últimos anos, nos que vén reducindo as súas capturas case un 40% e dotándose voluntariamente de monitores electrónicos e dun maior número que o requirido de observadores a bordo para aportar máis datos científicos.

Agora, mentres se inicia unha fase de recuperación da especie, deberán agardar a vindeira avaliación da ICCAT que estaba prevista para 2027 e que finalmente adiántase ao 2024.

A prohibición, que viña xa precedida doutra avaliación do ICCAT no 2017, que limitou enormemente a captura do marraxo, e da inclusión da especie no Apéndice II de CITES (Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres) no 2019, que provocou que se puidese capturar o marraxo pero, na práctica, non comercializalo, afecta unicamente ao Atlántico Norte, mentres no Pacífico, no Índico e no Atlántico Sur non hai establecemento de límites.

No entanto, a descordinación e a deficiente xestión do Goberno español que tantas veces foi debatida no Parlamento Galego ao longo deste ano e medio, neste caso persiste e, xa comezando febreiro, é un clamor do sector, que continúa coa súa actividade bloqueada, que se publique a cantidade de toneladas ás que se lles expedirá o certificado CITES, imprescindible para que o marraxo poda comercializarse.

A día de hoxe os cupos CITES 2022, que deberían estar anunciados dende o 1 de xaneiro, aínda non se coñecen. Tampouco está establecida a operativa administrativa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para expedir os certificados, cuxa xestión foi trasladada do Ministerio de Comercio ao Ministerio de Transición Ecolóxica.

Esta situación totalmente anormal e extremadamente gravosa para o sector podía ter certa xustificación no 2020, primeiro ano de aplicación dos certificados CITES, pero o problema continuou no 2021 e agora afecta non só ás capturas deste ano 2022 senón ás realizadas no mes de decembro de 2021 que quedan bloqueadas ao chegar a porto porque non se expiden os certificados CITES.

Só nos primeiros 15 días de xaneiro, o sector estimou unhas perdas de máis de 2 millóns de euros provocadas por este retraso e pola falla de solucións inmediatas que están a poñer en risco a viabilidade das súas empresas.

O cambio dunhas competencias que estaban en mans do Ministerio de Comercio -que expedía os certificados previa autorización do MITECO, que determinaba o cupo autorizado- ao de Transición Ecolóxica non veu senón a agravar aínda máis a situación, xa que agora intervén outro organismo, o CSIC, que fixa os límites previa expedición das autorizacións.

Un auténtico embrollo burocrático no que o Ministerio de Pesca só mantén a súa función de autorizar as capturas seguindo as recomendacións da ORP correspondente, pero descoñecendo o cupo comercial ou en que momento se autorizará. Deste xeito, na reunión que a Secretaría Xeral de Pesca mantivo o pasado 23 de xaneiro con representantes do sector só puido comprometerse a solventar o reparto dos topes, compromiso que non solventa a totalidade do problema pero que permitiría aos barcos comezar a pescar.

Con todo, malia á reiteración e á desesperación dun sector que abrangue 120 buques e máis de 850 tripulantes, a día de hoxe a situación aínda non variou e dende o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pasado 1 de xaneiro os barcos teñen que descartar todas as súas capturas de marraxo dientuso ata que se lles informe dos cupos. E é aínda despois desa comunicación, cando deberán cumprir unha norma contida nos seus permisos de pesca que di que “a retención da especie queda condicionada á posibilidade de certificación e comercialización que depende da autoridade administrativa do Convenio CITES”, que pode pospoñerse varios meses dende que comeza a marea pero que debe aplicarse á totalidade das capturas e retencións dende o comezo da mesma.

A este esperpéntico escenario, hai que engadir que outras frotas comunitarias (Portugal), e tamén de terceiros países (Ecuador, Chile, etc.), están desembarcando e comercializando marraxo dentro do Estado español, mentres a nosa frota ten que deixar os peixes no mar ou nos conxeladores á espera duns permisos que o Goberno debiera ter expedido hai máis dun mes e que aínda se descoñece cando se producirá a autorización.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento galego insta o goberno da Xunta de Galiza a demandar do Estado español a:

1. Comunicar de inmediato os cupos CITES para 2022 ao sector pesqueiro afectado.
2. Confirmar por escrito ao sector que existe coordinación entre o Ministerio de Pesca e o de Transición Ecolóxica, que debe ser recoñecida expresamente por ambas as dúas partes, na xestión dos cupos e uso dos certificados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Despexar definitivamente se as cantidades de marraxo capturado legalmente no ano 2021 en proceso de estar en depósito aduaneiro, así como as que xa o están, e que continúan pendentes de certificación, poderán facelo con cargo aos cupos de 2022.”

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2022

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2022 11:17:45

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/02/2022 11:17:56

Mercedes Queixas Zas na data 07/02/2022 11:18:04

Rosana Pérez Fernández na data 07/02/2022 11:18:12

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/02/2022 11:18:20

Daniel Pérez López na data 07/02/2022 11:18:28

Iria Carreira Pazos na data 07/02/2022 11:18:36

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2022 11:18:44

Daniel Castro García na data 07/02/2022 11:18:53

María del Carmen Aira Díaz na data 07/02/2022 11:19:03

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2022 11:19:13

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/02/2022 11:19:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 07/02/2022 11:19:29

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2022 11:19:42

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2022 11:19:49

Alexandra Fernández Gómez na data 07/02/2022 11:19:57

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/02/2022 11:20:04

María do Carme González Iglesias na data 07/02/2022 11:20:12

Paulo Ríos Santomé na data 07/02/2022 11:20:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre o futuro da concesión da Central do Inferno no río Verdugo.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade que o Parlamento se posicione canto antes sobre a concesión da Central do Inferno no río Verdugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 20 de setembro de 1899 iniciouse o expediente de aproveitamento hidroeléctrico de Ponte Inferno, no río Verdugo. Trátase dun expediente que tivo diferentes modificacións ao longo dos anos, até chegar a última titularidade de Naturgy Wind SL, que esgotou a concesión de aproveitamento da central hidroeléctrica en marzo do ano 2017.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta estrutura, se ben sempre tivo un importante impacto ecolóxico no río, a partir do ano 1994 este impacto incrementouse de xeito importante polo recrecemento do encoro de 5 a 12 metros

Despois de 131 anos de explotación, a pesar de que esta concesión acadou ao seu límite de explotación no ano 2017, e tal e como como denuncian tanto a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) como a Plataforma pola defensa do río Verdugo (PLADEVER) o Goberno Galego declarou a caducidade pero non realizou os trámites preceptivos para extinguir a concesión do aproveitamento hidroeléctrico de Ponte Inferno, no río Verdugo.

Estamos a falar de que Augas e Galicia, aínda que recibiu requirimentos destas organizacións ecoloxistas e de se rexistraren preguntas neste Parlamento para coñecer o estado dos expedientes de extinción; incumpriu o prazo legal de 18 meses para resolver o expediente de caducidade, que rematara había xa 5 anos.

Aliás, no último prazo concesional o encoro de Ponte Inferno foi obxecto de varias denuncias por agresións mediambientais relacionadas co incumprimento dos caudais ecolóxicos, ou por deficiencias nas escadas para peixes. Deficiencias que tal e como denuncian estes colectivos, implican fraudes de lei como o feito de que o obstáculo non se vexa reducido de 11 a 5 metros, tal e como se contempla na Lei de Pesca Fluvial.

No ano 2018, Pladever esixiu que se abriera o expediente de extinción por esgotamento do prazo concesional, o goberno galego non realizou os trámites correspondentes, e tal e como denuncian dende a propia asociación ecoloxista "Inexplicablemente, a administración deixou pasar máis de 8 meses (ata novembro de 2019) para mover un papel, e outros 7 meses máis (até xuño de 2020) para emitir o informe, xusto 10 días despois de que por lei caducara o trámite de extinción"





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos últimos meses, o goberno galego está a valorar o futuro destas centrais. Polo tanto, as decisións que se adopten nas vindeiras semanas serán cruciais para decidir o futuro de varios ríos galegos, entre eles o Verdugo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1º Adoptar cantas medidas sexan necesarias para recuperar para o público as centrais hidroeléctricas que, como a da Ponte do Inferno, teñen concesións de aproveitamento caducadas nos últimos anos.

2º Garantir que a concesionaria da CH Ponte do Inferno, tal e como se contempla na Lei de Augas e no Regulamento de Dominio Público Hidráulico, cumpra coas súas obrigas de recuperación medioambiental do cauce do río Verdugo.”

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonso
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
M^a Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2022 13:09:55

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/02/2022 13:10:03

Mercedes Queixas Zas na data 07/02/2022 13:10:15

Rosana Pérez Fernández na data 07/02/2022 13:10:34

Ramón Fernández Alfonso na data 07/02/2022 13:10:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 07/02/2022 13:10:50

Iria Carreira Pazos na data 07/02/2022 13:10:57

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2022 13:11:10

Daniel Castro García na data 07/02/2022 13:11:17

María del Carmen Aira Díaz na data 07/02/2022 13:11:29

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2022 13:11:41

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/02/2022 13:11:51

María González Albert na data 07/02/2022 13:12:00

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2022 13:12:12

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2022 13:12:19

Alexandra Fernández Gómez na data 07/02/2022 13:12:27

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/02/2022 13:12:36

María do Carme González Iglesias na data 07/02/2022 13:12:43

Paulo Ríos Santomé na data 07/02/2022 13:12:50



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato, María Felisa Rodríguez Carrera, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Elena Candia López e Adrián Pardo López** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

A urxencia ven motivada pola necesidade de ter unha posición na cámara galega nun asunto considerado estratéxico.

Exposición de Motivos:

A cultura non só é a base sobre a que se constrúe a nosa identidade como comunidade política, tamén conforma un sector produtivo que, na última década, experimentou un importante crecemento.

Antes da crise sanitaria, a nosa cultura representaba o 3% do PIB galego e amosaba unhas cifras en crecemento: desde os anos 2014 e 2018 o emprego vinculada a este ámbito aumentara un 5,4% e sucedíanse os recoñecementos, tanto internos como externos, á labor dos nosos profesionais.

Este escenario viuse paralizado polas medidas de contención postas en marcha para loitar contra a pandemia. Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma en aprobar un Plan de Reactivación específico para o sector cultural. Unha folla de ruta froito dun intenso diálogo que foi clave para vertebrar as políticas culturais ao longo de 2020 e, sobre todo, para atender as necesidades dun sector que se viu especialmente afectado pola crise sanitaria.

Se no 2020 foi imprescindible dar resposta á nova realidade da cultura galega, durante o ano 2021, coa mellora dos datos epidemiolóxicos, a Xunta de Galicia tivo que afrontar un reto distinto: colaborar en sentar as bases para que o sector cultural puidese volver á senda de crecemento e ás cifras en positivo previas á pandemia.



No mes de novembro, coñecemos a cuarta conxuntura estatística do ámbito cultural en Galicia, un estudo realizado polo Observatorio da Cultura do Consello da Cultura Galega que achegaba unha serie de resultados moi prometedores.

Entre eles, poñía o foco sobre as cifras de emprego cultural, que non só melloraban as de antes da pandemia, senón que situaban a Galicia como unha das catro Comunidades Autónoma nas que aumentaba o número de empregados neste tipo de actividades. Tamén destacaba o aumento do ritmo de creación de empresas e evidenciaba a tendencia de recuperación que debuxaron, durante o ano 2021, as actividades artísticas e recreativas.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade continúa coas políticas de apoio ao sector cultural e vén de iniciar un novo proceso de reflexión e diálogo cos seus profesionais, a través dun foro que deberá cristalizar en proxectos sólidos para a transformación e a modernización da cultura galega que opten aos fondos europeos.

Fronte á actuación da Xunta de Galicia, o Goberno do Estado mantivo a cultura nun segundo plano, sen unha política activa a favor dela e sen propostas específicas. Non existe a nivel estatal un proceso similar de diálogo cos profesionais da cultura ao iniciado polo Goberno galego. Resulta imprescindible mudar esta perspectiva, a cultura debe ser un proxecto de país.

É necesario que o Goberno do Estado elabore un Proxecto Estratéxico para a Recuperación e a Transformación Económica (PERTE) para o sector cultural, tal e como o está solicitando a Xunta de Galicia. O Executivo estatal debe estar á altura do intenso proceso de cambios que está vivindo a cultura profesional e dar apoio aos seus profesionais, favorecendo aspectos clave como a mellora da competitividade e sustentabilidade do sector.

Polo Exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de Lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a elaboración dun PERTE para o sector cultural, ao ser este un sector que está en liña cos obxectivos destes instrumentos”.

Santiago de Compostela, 7 de Febreiro 2022.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/02/2022 14:12:49

Teresa Egerique Mosquera na data 07/02/2022 14:13:05

María Elena Suárez Sarmiento na data 07/02/2022 14:13:17

Gómez Salgado, Carlos na data 07/02/2022 14:13:29

Rodríguez Pérez, Moisés na data 07/02/2022 14:13:38

José Luis Ferro Iglesias na data 07/02/2022 14:13:48

Ovidio Rodeiro Tato na data 07/02/2022 14:14:00

María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/02/2022 14:14:14

José Manuel Rey Varela na data 07/02/2022 14:14:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Sol Díaz Mouteira na data 07/02/2022 14:14:41

José Manuel Balseiro Orol na data 07/02/2022 14:15:00

Ana Belén García Vidal na data 07/02/2022 14:15:11

Noelia Pérez López na data 07/02/2022 14:15:40

Paula Prado del Río na data 07/02/2022 14:16:00

María Elena Candia López na data 07/02/2022 14:16:18

Pardo López, Adrián na data 07/02/2022 14:16:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa ás medidas que vai adoptar o Goberno galego para esclarecer, inspeccionar e controlar o cumprimento dos contratos no servizo de transporte público de Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre o cumprimento dos contratos no servizo do transporte público de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela. Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Dende a instauración dos últimos plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica.

Concretamente, o transporte de viaxeiros por estrada camiña cara un comportamento monopolístico do Grupo Monbus facilitado pola administración pública, onde foron desaparecendo as pequenas e medianas empresas de transporte ao non ser quen de competir nas mesmas condicións que este grupo nas licitacións propostas pola Xunta de Galiza debido ao seu propio deseño e confección.

Esta situación de connivencia tradúcese na vulneración sistemática dos dereitos tanto de usuarios como de traballadores deste grupo unha vez se poñen en funcionamento os servizos licitados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isto é, supresión de liñas, itinerarios ou horarios ou modificación dos mesmos de xeito unilateral por parte da empresa concesionaria incumprindo os propios preceptos da lei de transporte da Xunta de Galiza no que ten ver con algo tan fundamental como o carácter social que debe ter un servizo público de transporte de viaxeiros.

Alén desta cuestión son moi numerosas as denuncias interpostas por sindicatos, colectivos e usuarios ante o incumprimento reiterado dos contratos asinados entre Xunta de Galiza e o Grupo Monbus, tales como a vulneración das condicións de traballo dos traballadores da concesionaria, o incumprimento na idade máxima dos autobuses que operan nas liñas, a duplicidade de vehículos en diferentes lotes concesionados ou a vulneración nos tempos de resposta para avarías cando non existen as bases destinadas a reparación que se estipulan nos contratos.

Non só están a existir problemas coa execución dos contratos das liñas regulares, senón que tamén se están dando no servizo de transporte escolar, con vehículos que aparecen nos listados de varias liñas, vehículos que superan a idade máxima permitida nos contratos operando neste servizo ou a problemática concreta da vulneración sistemática do persoal acompañante nestas liñas.

Estas denuncias mesmo veñen de chegar á vía penal e xudicial, despois dunha demanda interposta por unha agrupación de máis de 30 empresas do sector de transporte de viaxeiros por estrada, que están a alertar das irregularidades e os incumprimentos dos contratos tanto nas liñas regulares como no servizo de transporte escolar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este son só algúns exemplos das infraccións que se están a cometer na execución dos contratos asinados entre empresa e administración pública, sen que esta última faga o seu traballo de inspección e control dos mesmos.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento galego insta ao Goberno Galego a esclarecer o que está acontecendo coa execución dos contratos no servizo de transporte público de Galiza, así como a investigar, inspeccionar e controlar o cumprimento escrupuloso dos mesmos.”

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Olalla Rodil Fernández
Manuel Lourenzo Sobral
Carmen Aira Díaz
Luis Bará Torres
Iria Carreira Pazos
Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2022 16:26:23

María do Carme González Iglesias na data 07/02/2022 16:26:27

Paulo Ríos Santomé na data 07/02/2022 16:26:35

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/02/2022 16:26:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 07/02/2022 16:26:51

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2022 16:27:06

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2022 16:27:14

María González Albert na data 07/02/2022 16:27:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/02/2022 16:27:29

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2022 16:27:38

María del Carmen Aira Díaz na data 07/02/2022 16:27:47

Daniel Castro García na data 07/02/2022 16:28:17

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2022 16:28:24

Iria Carreira Pazos na data 07/02/2022 16:28:34

Daniel Pérez López na data 07/02/2022 16:28:41

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/02/2022 16:28:49

Rosana Pérez Fernández na data 07/02/2022 16:28:59

Mercedes Queixas Zas na data 07/02/2022 16:29:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/02/2022 16:29:17



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados **Sandra Vázquez Domínguez, Paula Prado del Río, Pedro Puy Fraga, José Luis Ferro Iglesias, Manuel Santos Costa, Cristina Sanz Arias, Carmen Pomar Tojo, Elena Candia López, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, José Manuel Rey Varela, María Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Alberto Pazos Couñago, Guadalupe Murillo Solís e Noelia Pérez López** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

A urxencia vén motivada pola necesidade de ter unha posición na cámara galega nun asunto considerado de máxima actualidade.

Exposición de Motivos:

Segundo os datos do Banco de España correspondentes o pasado setembro, no último ano a banca pechou en España case un 11% das oficinas. As 20.421 sucursais actuais son case un 56% menos que as 46.118 do 2008. Galicia viu desaparecer nos últimos 12 meses 189 sucursais bancarias.

Si comparamos os datos dos últimos 6 anos, a 30 de setembro de 2015 en Galicia había 1719 oficinas abertas, fronte as 1096 que se contabilizan no ano 2021, isto é, un 36% menos. Porén, a nivel estatal este dato é moito máis preocupante, cunha perda de oficinas do 56%.

As entidades financeiras están a priorizar o uso das novas tecnoloxías para a realización da maioría dos trámites bancarios. Aínda que a banca electrónica aporta vantaxes de inmediatez e accesibilidade, unha implantación precipitada dificulta o acceso a servizos financeiros básicos naqueles lugares onde a dixitalización aínda non se desenvolveu na súa plenitude ou naquelas persoas que teñen un menor desempeño nas novas tecnoloxías, con especial incidencia na poboación envellecida e que vive soa.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Todas as administracións públicas, en colaboración coas entidades financeiras, deben garantir que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia e da súa idade, teña acceso aos servizos bancarios e financeiros, prestando especial atención ao ámbito rural e a poboación envellecida.

De feito, xa existen fórmulas útiles neste ámbito, como a iniciativa promovida pola Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, que permitirá a moitas localidades que carecen de oficina bancaria dispoñer dun caixeiro no seu municipio e que os veciños poidan contar con servizos de asistencia financeira e de formación. Ademais a través dos organismos autonómicos de Consumo tamén se traballa na defensa dos usuarios de banca, mediante a organización de campañas informativas e prestación de asesoramento en materia de servizos financeiros.

Existen iniciativas semellantes ao longo do territorio español, nas que están involucradas outros gobernos autonómicos, deputacións provinciais, concellos, ou incluso a empresa pública estatal Correos que, segundo ten anunciado, pretende instalar caixeiros en concellos sen entidade bancaria.

Dende o noso grupo parlamentar valoramos moi positivamente todas estas medidas, pero consideramos que debería existir unha coordinación e unha planificación a nivel estatal para que realmente sexan eficaces, xa que non estamos ante un problema exclusivamente galego, senón que se da no conxunto de España, tal e como vemos nos medios de comunicación, e no que todas as administracións deben implicarse.

Tal e como se recolle na moción aprobada no pleno do Senado o 9 de setembro, existe un amplo consenso para que o Goberno de España elabore un estudo detallado sobre a situación real de exclusión financeira e se acorde un paquete de medidas global para abordar este problema.

O grupo parlamentario popular o pasado mes de setembro levou a Pleno de este parlamento unha iniciativa neste sentido, de demanda do Goberno do Estado unha actuación coordinada e a adopción das medidas recollidas no acordo plenario do Senado.

Meses despois, a problemática segue sen resolverse, e todo indica que continuará agravándose non vindeiros anos, polo que é necesaria é urxente unha actuación por parte do Goberno Estatal.



Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Reiterar ante o Goberno de España a necesidade de elaborar un estudo, en colaboración co Banco de España e a CNMC, sobre a situación do mercado financeiro en España desde el punto de vista da concentración bancaria, da competencia e do acceso aos servizos financeiros básicos, que sirva de base para a elaboración e posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros.

Entre estas medidas estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de xeito que se garanta á súa prestación para todos os usuarios, cunha calidade determinada e a un prezo asequible.”

Santiago de Compostela, 07 de Febreiro 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/02/2022 17:29:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Sandra Vázquez Domínguez na data 07/02/2022 17:30:13

Paula Prado del Río na data 07/02/2022 17:30:26

José Luis Ferro Iglesias na data 07/02/2022 17:30:39

Manuel Santos Costa na data 07/02/2022 17:30:53

Cristina Sanz Arias na data 07/02/2022 17:31:25

Carmen María Pomar Tojo na data 07/02/2022 17:31:44

María Elena Candia López na data 07/02/2022 17:32:02

José Manuel Balseiro Orol na data 07/02/2022 17:32:25

María Sol Díaz Mouteira na data 07/02/2022 17:32:42

José Manuel Rey Varela na data 07/02/2022 17:32:54

María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/02/2022 17:33:16

Ana Belén García Vidal na data 07/02/2022 17:33:27

José Alberto Pazos Couñago na data 07/02/2022 17:33:41

María Guadalupe Murillo Solís na data 07/02/2022 17:34:06

Noelia Pérez López na data 07/02/2022 17:34:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre as consecuencias na saúde das galegas tanto da vacinación fronte á Covid 19, como das secuelas tras a infección polo mesmo.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada diante das consecuencias na saúde das galegas tanto da vacinación fronte á Covid 19, como das secuelas tras a infección polo mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xénero inflúe nas diferentes necesidades de saúde e nos diferentes tratamentos e resultados. O corpo dun home e dunha muller son diferentes diante da enfermidade e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos tratamentos, non metabolizan igual os fármacos, son diferentes o xeito de enfermarse, de manifestar síntomas ou de sentir dor, e tamén sofremos patoloxías distintas.

A pesares desta realidade, somos tratadas con protocolos médicos homoxéneos, consecuencia dun sistema de saúde baseado nun modelo masculinizado. O nesgo de xénero, a miúdo fai crer que as enfermidades son universais e comúns.

Hai nesgo de xénero no ámbito da investigación, da formación, da diagnose que culmina nunha abordaxe terapéutica deficitaria. Ignóranse efectos adversos específicos nas mulleres e tense minimizado o esforzo sobre aquelas patoloxías ou síndromes que teñen unha maior incidencia ou gravidade nas mulleres.

A ciencia leva anos excluindo ás mulleres nos seus estudos, ou cunha presenza minoritaria. Esa falta de perspectiva de xénero está tamén moi presente en todo o relacionado coa Covid 19. O sexo é unha das variábeis que afectan á resposta inmune innata e adaptativa, e tense descrito na literatura científica que as mulleres desenvolven unha maior resposta inmune a infeccións virais e á vacinación. As mulleres reportamos máis efectos secundarios nas vacinacións, porque temos un sistema autoinmune moito máis potente e orixina máis reaccións. As doenzas autoinmunes predominan nas mulleres respecto aos homes nunha proporción de nove a un, realidade que se ten constatado nos efectos da vacina da Covid 19.

O último informe sobre farmacovixilancia publicado pola Axencia dependente do Ministerio de Sanidade o 9 de xaneiro de 2022, mostraba que se tiña rexistrado na base de datos FEDRA un total de 55.455 notificacións de acontecementos adversos das vacinas fronte á Covid 19. A inmensa maioría das notificacións oficiais corresponden a mulleres, representan o 74%.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Moitas mulleres teñen manifestado sufrir efectos adversos tras ser vacinadas fronte á Covid 19, nunha moi alta porcentaxe relacionados con desaxustes no ciclo menstrual: Sangrados máis abundantes, durante máis días, atrasos, sangrados en mulleres que xa tiñan a menopausa, problemas nas mamas, dores abdominais... Todo isto ten causado alarma e levado a solicitar consulta e probas diagnósticas por parte de moitas mulleres, que nunha parte importante foron minusvaloradas.

A Axencia Europea do Medicamento (EMA) aprobou catro vacinas sobre a base de ensaios clínicos aleatorios, ningunha desas vacinas contempla nos seus prospectos o risco de alteracións menstruais como posíbeis efectos secundarios da súa administración.

A pesares de que moitas mulleres teñan feito público eses efectos adversos, os estudos realizados ao respecto son moi escasos. Téñense realizado enquisas que maioritariamente mostran esta relación, e hai Universidades, como a de Granada, que están realizando estudos sobre a consulta moi frecuente sobre trastornos menstruais.

Un estudo elaborado por unha investigadora danesa determina que que só o 4% das investigacións científicas sobre a Covid 19 analizan a variábel de xénero e sexo, e dos levados a cabo centrados nas mulleres a maioría teñen a ver cos efectos sobre o embarazo.

É evidente que á pandemia non ten afectado por igual a homes e mulleres Non ten ningunha xustificación ignorar a perspectiva de xénero.

Consideramos preciso ter respostas sobre o efecto da Covid 19, e da inoculación da vacina fronte á mesma, na saúde das mulleres, por esa razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Realizar un estudo sobre as consecuencias na saúde das galegas tanto da vacinación fronte á Covid 19, como das secuelas tras a infección polo mesmo.

2.- Esixir que se inclúan na ficha técnica das vacinas fronte á Covid 19 os efectos secundarios referidos ás mulleres (menstruación, anticonceptivos, menopausa...)

3.- Realizar unha campaña informativa sobre os efectos adversos detectados para garantir o coñecemento dos mesmos e que non sexan minusvalorados cando unha muller os comunica.

4.- Demandar a aplicación da perspectiva de xénero na investigación relacionada con fármacos e vacinas para a Covid 19.”

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

- b) á Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia, incluíndo o Catálogo galego de especies ameazadas
- c) á relación dos espazos naturais protexidos sitos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia
- d) ás áreas protexidas por instrumentos internacionais sitas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia
- e) ao Inventario galego de bancos de material xenético referido a especies silvestres
- f) ao Inventario de zonas húmidas de Galicia
- g) ao Catálogo galego de árbores senlleiras
- h) ao Inventario galego de lugares de interese xeomorfolóxico.”

Transcorridos dous anos e medio desde a aprobación da lei, aínda non se levou a cabo o desenvolvemento normativo necesario para a creación do Inventario e unha parte da información que debería conter non é accesíbel nin oficial. O que deriva na falta de protección, de seguimento e de avaliación do estado de hábitats, especies e espazos de grande interese valor para a biodiversidade e a prevención do cambio climático, algúns deles en perigo de desaparición.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta a desenvolver ao longo do primeiro semestre de 20122 o Inventario galego do patrimonio natural e da biodiversidade previsto na Lei 5/2019 e a poñer en marcha as medidas necesarias para o coñecemento, divulgación e protección dos espazos incluídos nel.”

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 01/02/2022 13:19:55

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2022 13:19:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé, Manuel Lourenzo Sobral e Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa as medidas a tomar para garantir un emprego de calidade para as acompañantes no servizo de transporte escolar nas liñas concesionadas á empresa Monbus na comarca de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte escolar é un servizo público de suma importancia, que posibilita un bo funcionamento do sistema de ensino público xa que permite unha mellor organización á hora de que os alumnos e alumnas accedan aos diferentes centros, xa sexan na súa localidade ou en localidades próximas.

Mais este servizo non só se limita a poñer en funcionamento unha serie de itinerarios e vehículos para a conexión cos centros, senón que debido á tipoloxía das persoas usuarias do transporte escolar, é preciso contar con servizos complementarios para garantir a seguridade e facilitar un bo uso e transcorrer do propio servizo e traxectos.

Estamos a falar pois do servizo de persoas acompañantes que deben existir nos vehículos.

Este servizo faise imprescindible en desprazamentos de nenos e nenas de curta idade, aos que é preciso acompañar e vixiar, así como tamén contar co coñecemento e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

preparación do persoal acompañante en cuestións fundamentais como a sinalización ou o uso de material de seguridade no caso de ser preciso.

Un bo servizo de transporte escolar necesita un bo servizo de persoas acompañantes que velen polo bo transcorrer dos desprazamentos e pola seguridade dos nenos e nenas.

Actualmente, Galiza conta con máis de mil persoas que fan esta labor, que nunha porcentaxe moi elevada está a ser desempeñado por mulleres, sendo un sector da poboación que sofre máis precariedade e un dos máis golpeados pola crise da Covid-19.

Un caso que exemplifica esta situación é o que está a acontecer na comarca de Ferrol. A empresa Monbus está a incumprir sistematicamente as condicións dos contratos que ten coa Xunta de Galiza tanto en materia laboral como no propio servizo.

A Xunta de Galiza non pode permitir que se boten por terra tanto os acordos asinados como as condicións laborais fixadas nos mesmos e actualmente está contratando persoal acompañante vía ETT, cando ten fixado o 100% do emprego de carácter indefinido para as persoas acompañantes, está a reducir horarios de traballo nos contratos, con horas que non se corresponden ás traballadas e só contabiliza os tempos nos que as traballadoras se atopan cos nenos e nenas no autobús, e nunca os traxectos previos e posteriores que tamén deben ser considerados como tempo de traballo.

Son múltiples as denuncias interpostas contra Monbus pola vulneración en materia laboral na ITSS e moitas as queixas, denuncias e avisos á Xunta de Galiza sen que esta última faga nada por inspeccionar e controlar as condicións nas que se desenvolven os servizos que licita.

Unha nova mostra máis da connivencia e complicidade coa que actúan Xunta e Monbus e que está a ocasionar un grave problema de monopolio desta empresa en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

detrimento das pequenas empresas de transporte de viaxeiros, do propio servizo e das condicións de traballo das traballadoras que operan con Monbus.

É por isto que entendemos que unhas malas condicións laborais e o incumprimento do estipulado para as mesmas, son un ataque dobre que se está a producir no noso país, que se ensaña coas máis precarizadas e golpeadas e que empeora notabelmente un servizo tan fundamental como o das persoas acompañantes no servizo de transporte escolar.

Ante esta precarización das condicións de traballo das persoas acompañantes, o goberno galego, debe aumentar os seus esforzos nas labores de control e inspección, nas labores de investigación cando se presentan denuncias e unha colaboración estreita coas traballadoras afectadas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a facer respectar os dereitos laborais do persoal que está a traballar en servizos concesionados pola Xunta de Galiza, e nomeadamente as acompañantes do transporte escolar na comarca de Ferrol.”

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 01/02/2022 13:34:30

Paulo Ríos Santomé na data 01/02/2022 13:34:35

Ramón Fernández Alfonzo na data 01/02/2022 13:34:40



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do venres 17 de setembro de 2021 a Axencia Turismo de Galicia publicou a Resolución do 13 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2021, co obxecto do fomento da recuperación, da accesibilidade e da sinalización dos recursos turísticos en concellos de ata 10.000 habitantes cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística. Para esta subvención destínase un crédito orzamentario de 3,5 millóns de euros, podendo concederse ata o 100 % da actuación, cun límite de 30.000 euros.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva cun prazo de presentación de solicitudes dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, é dicir, dende ás 00.01h do sábado 18 de setembro.

No artigo 6 das bases da convocatoria débúllase a documentación complementaria que deben presentar os concellos solicitantes e no artigo 19 establécese que a xustificación da dita subvención terá de prazo ata o 15 de novembro de 2021, é dicir, 58 días dende a apertura de solicitude da subvención. No Diario Oficial de Galicia do 11 de xaneiro de 2022 publicouse a Resolución do 27 de decembro de 2021 pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Resolución do 13 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2021.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:



1º) Elabore un plan no primeiro semestre do exercicio 2022 sobre a oferta turística nas zoas rurais no que participen a a Xunta de Galicia, a Fegamp, o tecido asociativo das zoas rurais, os sindicatos e os grupos parlamentarios para un período de cinco anos.

2º) Dote o dito plan de oferta turística nas zonas rurais de orzamentos, obxectivos medibles e indicadores de cumprimento.

3º) Inicie a execución do dito plan no segundo trimestre do exercicio 2022.

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/01/2022 13:45:52

Paloma Castro Rey na data 26/01/2022 13:46:09

Pablo Arangüena Fernández na data 26/01/2022 13:46:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/01/2022 13:46:34



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Martín Seco García, e da súa deputada, Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Dende o Grupo Socialista levamos meses presentando iniciativas para que o Goberno galego tomara medidas urxentes para o sector da carne de vacún, un sector que foi un dos máis golpeados pola crise do coronavirus, derivado do peche das canles de comercialización e a restauración, pero que despois da dita crise non foi capaz de volver a recibir uns prezos razoables pola carne que produce.

En Galicia non existen macrogranxas de vacún de carne e temos que poñer en valor que aquí precisamente o sector cárnico está baseado en pequenas explotacións de extensivo que ben necesitan dun plan de dimensionamento para poder ter unha rendibilidade suficiente polo traballo que realizan, a dita problemática con granxas como a que se quería instalar en Soria con máis de 25.000 cabezas e que produciría case como 400 granxas medias galegas con todos os problemas medioambientais e de benestar animal non debe ser o modelo de futuro do noso país.

O sector cárnico de vacún en Galicia leva tres décadas cos prezos conxelados e sen as axudas públicas suficientes, pero o curioso é que no último ano no conxunto do Estado español os prezos que os gandeiros percibiron pola carne aumentaron un 29 %, mentres que en Galicia fixérono nun 7,5 %.

A realidade mentres esperamos a esa estratexia para o sector cárnico que di que está a elaborar o Goberno galego, está en alto risco a viabilidade económica dunhas explotacións galegas que producen unha carne de primeira calidade baixo estritos parámetros de benestar animal, pero que tamén desempeñan un papel indispensable dende o punto de vista da xestión do territorio, a loita contra o abandono do rural, un impagable labor medioambiental e tamén un papel esencial na loita contra os incendios forestais.

En Galicia temos unhas 20.000 explotacións de carne, das que 8.000 están inscritas en “Terneira Galega” e 6.000 delas poden considerarse profesionais, o 32 % delas atópanse en zonas de montaña e unhas 2.500 atópanse nas áreas máis



despoboadas e avellentadas de Galicia, para as que esta actividade representa un motor económico e un factor de fixación de poboación imprescindible.

Os gandeiros de carne de vacún galegos están a vender hoxe o seu produto por menos do que lles custa producir e tanto a Xunta de Galicia como o Goberno do Estado deben velar e poñer instrumentos para facer efectivo o cumprimento dunha nova lei da cadea alimentaria en todos os sectores alimenticios, unha lei que supón unha mellora importante no corpo lexislativo para os produtores, pero debe ter aplicación práctica para que os gandeiros non teñan que gastar os seus aforros ou acudir a préstamos bancarios que en moitos casos non poden soportar.

O sector cárnico necesita que a Xunta de Galicia reactive de xeito excepcional unha liña de axudas similar á que houbo coa covid, unha liña que utilizou fondos europeos de xeito insuficiente porque non utilizaron todo o orzamento permitido por Europa, xa que podían utilizar ata 24 millóns do PDR e o Goberno do Partido Popular só utilizou uns 7 millóns de euros, unha cantidade que a propia Xunta debería complementar agora, xa que o propio sector valoraba unhas perdas de 18 millóns dende o inicio da pandemia ata antes do verán pasado, uns datos que deben ser máis que suficientes para que o Goberno galego reaccionase para salvar a un sector estratéxico para Galicia.

A Xunta de Galicia debe poñer en marcha un plan estratéxico de viabilidade destas explotacións para este 2022, porque como é coñecido, nos primeiros meses do ano sempre baixa o prezo da carne de vacún e cremos necesario centralizar as axudas directas do PDR, tanto as destinadas a zonas de montaña como as agroambientais nas explotacións de carne sobre a base das vacas nodrizas e o Goberno galego debería posibilitar un anticipo delas para que os produtores de carne de vacún teñan acceso a estes ingresos no primeiro trimestre do ano 2022, paliando os efectos desa caída de prezos da que falaba.

Na liña de revalorización do produto que temos en Galicia, temos que facer todo o necesario para que a “Ternera Galega Suprema” sexa a bandeira na comercialización da nosa carne, e por iso cremos necesario que se impulse a conversión desta carne nun produto *delicatessen*, para que teña o recoñecemento económico por parte do consumidor que merece pola súa calidade, non podemos seguir permitindo que o prezo desta carne suprema teña o mesmo prezo que a carne xenérica, para o cal o Goberno galego debería facer un plan de revalorización desta tenreira suprema, acompañado dun plan de dinamización da tenreira galega fóra de Galicia.



O Goberno galego non pode seguir de costas a tantas familias de Galicia, e dende o Goberno só teñen como contestación o suposto efecto máxico do desenvolvemento dun plan estratéxico para a carne, pero o sector non pode esperar máis e necesita de medidas urxentes para un sector esencial para a Galicia en maior risco de avellentamento e abandono.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1) Elaborar un plan estratéxico de viabilidade para o 2022, centralizando as axudas directas do PDR nas explotacións de carne en base a vacas nodrizas, tanto as destinadas a zonas de montaña como ás de agroambiental.
- 2) Posibilitar un anticipo delas que permita aos produtores de carne de vacún ter acceso a estes ingresos no primeiro trimestre do 2022.
- 3) Implementar un plan de dinamización da tenreira galega fóra de Galicia e un plan de revalorización da tenreira suprema para convertela no buque insignia da comercialización da carne de tenreira galega e conseguir que teña o recoñecemento económico por parte do consumidor que a súa calidade merece.

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 01/02/2022 14:06:02

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/02/2022 14:06:17

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/02/2022 14:06:28



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira e Begoña Freire Vázquez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de Motivos:

O desabastecemento e o incremento desmedido de prezos experimentado xa durante o pasado ano por determinados materiais básicos para a construción, fixo que o Goberno galego, consciente dos problemas que esta circunstancia podería supoñer para garantir a viabilidade dos investimentos públicos promovidos pola Administración autonómica, adoptara medidas para blindar a realización desas obras e asegurar, ao tempo, o mantemento dos postos de traballo e a execución, en prazo, dos fondos europeos de reconstrución.

As medidas adoptadas pola Xunta a finais do pasado ano, pioneiras en España, permiten dispoñer dun respaldo normativo para outorgar unha compensación ás empresas adjudicatarias e evitar así a quebra do contrato; ou autorizar unha modificación dos materiais, sempre e cando isto non implique unha merma na funcionalidade das obras, promovendo a utilización de recursos de proximidade.

O Goberno galego tomou a iniciativa, na parte que corresponde ás súas competencias, pola inacción absoluta por parte do Goberno de España ante un problema de gran relevancia e enorme repercusión. E isto, pese ás chamadas reiteradas por parte da Administración autonómica galega ao Goberno central para que adoptase medidas urxentes.

As consecuencias da falta de solucións globais e desta deixadez por parte do Goberno estatal están xa a ser patentes en todo o territorio español e xa son moitas as obras públicas impulsadas polas distintas administracións que teñen problemas, están paralizadas ou mesmo viron rescindidos os seus contratos, ante o forte incremento de materias primas básicas para a construción e a súa escaseza, o que causa problemas de desabastecemento que teñen un forte impacto negativo para o cumprimento dos prazos de execución establecidos.



Polo exposto, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario presentar esta proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento insta ao Goberno galego a pedir ao Goberno de España que, con urxencia, adopte os cambios normativos pertinentes e habilite medidas de revisión de prezos extraordinaria para os contratos, que garantan a viabilidade das obras públicas ante a actual crise de prezos e de abastecemento de materiais, para garantir a execución de infraestruturas esenciais, protexer o emprego e evitar poñer en risco os fondos europeos extraordinarios destinados á recuperación económica, que deben executarse nun tempo limitado”.

Santiago de Compostela, 1 de Febreiro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 01/02/2022 14:10:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Diego Calvo Pouso na data 01/02/2022 14:10:52

José Manuel Balseiro Orol na data 01/02/2022 14:11:11

María Sol Díaz Mouteira na data 01/02/2022 14:11:21

Carmen María Pomar Tojo na data 01/02/2022 14:11:36

Ramón Carballo Páez na data 01/02/2022 14:11:48

Freire Vázquez, María Begoña na data 01/02/2022 14:13:06

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/02/2022 14:13:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os humidais son espazos de grande valor e ambiental, elementos clave da conservación da biodiversidade e o uso sustentábel do territorio, e teñen tamén un papel central na loita contra a emerxencia climática.

Por outra parte, teñen tamén moita importancia na regulación do ciclo hidrolóxico e na preservación dos recursos hídricos, un ben esencial para o presente e o futuro dos ecosistemas, das comunidades locais e do planeta no seu conxunto.

Malia o seu alto valor ecolóxico, son ambientes que sofren diversos tipos de ameazas e agresións por causa de aterros, drenaxes, construción de infraestruturas, instalacións de equipamentos, plantacións forestais, etc.

Para garantir a protección destes espazos, existen instrumentos de ámbito internacional, estatal e galego que prevén a súa protección, conservación e xestión. Ademais da normativa derivada do convenio de Ramsar e das directivas e comunicacións europeas, cómpre ter en conta o previsto na lei estatal sobre patrimonio natural e biodiversidade (2007), no Decreto 435/2004 polo que se regula o Inventario Nacional de zonas húmidas, na lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza, e no Decreto 127/2008 polo que se desenvolve o réxime xurídico e se crea o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Inventario de humidais de Galiza. Por outra parte, o Plan Estratéxico para a Diversidade Biolóxica 2011-2020 e as propias Metas de Aichi (CBD, 2010) establecen o marco para refomular e asegurar os obxectivos de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade.

Malia este corpus legal, a realidade é que a maior parte dos humidais galegos de importancia internacional non contan con plan de conservación. E malia que no ano 2003 se publicou o Inventario de humidais de Galiza no que se recollen un total de 1.131 humidais, a inmensa maioría deles non están protexidos nin contan con instrumentos de conservación e xestión. Actualmente Galiza conta con só 6 humidais de importancia internacional (Ría de Ortigueira e Ladrado, Complexo Intermareal do Grove-Umia, Complexo Dunar de Corrubedo, Carregal e Vixán, Lagoa e Areal de Valdoviño, Ría do Eo e Illas Atlánticas), sen que nos últimos 12 anos se engadise ningún novo espazo a esta figura máxima de protección. Unha situación que contrasta coa doutras comunidades, que incrementaron substancialmente os humidais Ramsar.

Os 1.131 espazos do inventario de humidais de Galiza distribúense do seguinte xeito:

- Humidais mariños e costeiros: 133 (13,3% do total) e unha superficie de 20.677 ha. (28,7% do total).
- Humidais continentais: 659 (58,4% do total), superficie de 34.441 ha (48,8%)
- Humidais subterráneos: 7 (0,6% do total), superficie de 0,6 ha
- Humidais artificiais: 312 (27,6% do total), supercie de 15.965,8 ha (22,7%)

Do total dos humidais, 380 están incluídos total ou parcialmente e 751 están excluídos da Rede Natura, de maneira que unha grande parte non contan con figuras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

específicas de protección. A este respecto hai que ter en conta, por unha parte, a existencia da Comisión Europea de ampliación da Rede Natura (con especial atención a turbeiras e queirogais húmidos) que deu lugar ao inicio en 2008 e 2012 de senllos procesos que foron abortados polo goberno da Xunta do PP, e, por outra, o procedemento aberto pola Comisión en 2015 a respecto da insuficiencia do Plan Director da Rede Natura (2014) como instrumento de protección e xestión destes espazos e en consecuencia a obriga de aprobar plans específicos de xestión para cada un dos espazos integrados na Rede.

Por outra parte, existe un problema no acceso á información sobre os humidais, sobre todo a partir da desaparición en 2016 do Sistema de Información Territorial da Biodiversidade de Galicia (SITEB), polo que non existe ningún enderezo web no que se poida acceder de maneira directa á información sobre os humidais que integran o Inventario de humidais de Galiza. E no Inventario Español de Zonas Húmidas, non aparecen os humidais de Galiza.

Con respecto ao estado de conservación dos humidais, existe un estudo do ano 2017, publicado polo IBADER (“Conservación e xestión de humidais”), que alerta sobre o deterioro e mal estado de conservación destes espazos. Dos 29 tipos do Inventario, só 3 teñen un estado de conservación bo, 1 ten un estado regular, e o resto (25) teñen un estado de conservación deficiente. Dos clasificados como deficientes, 8 teñen un estado de conservación “malo”, 11 teñen un estado “moi malo” (nas que se inclúen as turbeiras altas e os queirogais húmidos), e 6 tipos de humidais teñen un estado de conservación “crítico”. A citada publicación inclúe unha listaxe de 60 humidais galegos que deberían ter a consideración de “humidais protexidos” e, deles, 14 propostas de Humidais de importancia internacional (Ramsar).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na lei 5/2019 do patrimonio cultural e a biodiversidade inclúese nos “espazos naturais protexidos” a categoría de “zona húmida protexida” e prevese que se inclúan todos os espazos declarados nesta categoría no Inventario das zonas húmidas de Galiza.

Mais en lugar de protexer estes valiosos espazos naturais, esenciais para a preservación da biodiversidade e para a prevención do cambio climático, a Xunta permite a súa destrución e degradación, como está a ocorrer coas Brañas do Deo, como aconteceu co Pozo da Lagoa no Roncudo e como podería pasar de levarse a cabo os proxectos industriais que ameazan estes hábitats declarados de interese rioritario pola UE.

Diante desa calamitosa situación de abandono que é consecuencia do desleixo da Xunta de Galiza, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver no presente ano 2022 un estudo e un plan integral de protección e conservación dos 1.131 humidais do “Inventario de humidais de Galicia”, con especial atención a aqueles que están nunha situación “deficiente”, segundo se deriva do estudo publicado polo IBADER no ano 2017.
2. Reactivar no primeiro semestre de 2022 o Sistema de Información Territorial da Biodiversidade de Galicia (SITEB) e poñer en marcha o “Inventario galego do patrimonio natural e da biodiversidade” previsto na lei 5/2019.
3. Impulsar no primeiro semestre de 2022 a declaración de “zonas húmidas protexidas” e a ampliación da listaxe de humidais de importancia internacional





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(RAMSAR), tomando como referencia a proposta do IBADER recollida na publicación “Conservación e xestión de humidais” (2017).

4. Establecer un rexime de protección cautelar ou preventiva para os hábitats de interese comunitario e prioritario, con especial atención aos humidais.”

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/02/2022 11:16:15

Alexandra Fernández Gómez na data 02/02/2022 11:16:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a Enquisa de Poboación Activa (EPA) do 4º trimestre de 2021.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sobre o impacto na economía galega da ralentización da recuperación no noso país en comparación co resto do estado e as repercusións da caída da poboación activa e o seu avellentamento.

A Enquisa de Poboación Activa (EPA) relativa ao cuarto trimestre do 2021 non fai senon confirmar que a evolución do mercado laboral é moi preocupante.

Se ben os datos do ano pasado melloraron con respecto ao 2020, unha análise realista do mercado de traballo, que escape de piruetas porcentuais e numéricas tendenciosas, esixiría unha comparativa dos datos do 2021 cos do 2019, xa que no ano pasado todos os marcadores macroeconómicos rexistraron retrocesos importantes como consecuencia da crise derivada da pandemia.

Partindo desa premisa, atopámonos con datos moi reveladores.

Así, dende o 2019 destruíronse no noso país 10.100 empregos, principalmente no sector industrial e primario. Pero incluso facendo unha comparativa co 2020, observamos como a industria perdeu no 2021, 11.700 empregos. Dato que contrasta co





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

feito que foi no sector servizos onde máis medrou a ocupación (26.700 persoas máis no 2021). Aumenta o emprego nun sector tradicionalmente precarizado mentres se perde na industria, o que amosa a profunda crise industrial que atravesa o país e o fracaso das políticas industriais do goberno galego nos últimos anos.

A leve mellora dos datos EPA do 2021 respecto aos do 2020 en canto a descenso de poboación parada non se debe ao medre da ocupación, senon que hai buscar a súa causa na caída da poboación activa, que ademais está a experimentar un constante avellentamento.

Entre os anos 2019 e 2021 deuse unha caída da poboación activa en todas as franxas de idade, agás na franxa que vai dos 55 a máis anos, que aumenta. Mentres a caída máis intensa dase nas persoas entre 25 e 54 anos. Algo que hai que poñer en relación directa co feito que a xente moza vese obrigada a saír do noso país na busca de mellores oportunidades laborais.

En canto ao paro, se ben é certo que diminuíu no ano pasado, non é menos certo que o fixo moi por debaixo da media do estado; do mesmo xeito que en creación de emprego, a porcentaxe estatal aumentou nun 4,3 % fronte ao 0,96 % na Galiza.

Datos que confirman que o noso país, por desgraza, recupérase a un ritmo moi inferior ao do resto do Estado.

Tan só no último trimestre do 2021, Galiza perdeu 21.200 persoas ocupadas e aumentou o número de parados, situándonos entre as comunidades con maior descenso do emprego e maior incremento do paro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os datos EPA que amosan que o sector servizos supón máis da metade da ocupación nas catro provincias e que a industria e a construción perden peso na nosa economía a pasos axigantados.

En canto ao emprego autónomo, cerramos o 2021 con 4.000 menos que no 2020, que suben aos 7.000 menos se o comparamos co 2019. O que tamén contrasta coa tendencia estatal.

Tamén resulta necesario incidir no aumento dos fogares con todos os seus membros no paro, xa que dende 2019 hai 100 fogares galegos máis nesta situación, atinxindo o total a 52.500. Ademais, a taxa de temporalidade incrementouse nun 0,5% con respecto a 2020, situándose non 24,5%.

Se antes da pandemia existían problemas estruturais que afectaban ao noso mercado de traballo, como son a temporalidade, parcialidade, precariedade e excesiva dependencia do sector servizos, e que afectaban especialmente á xente moza e ás mulleres, víronse agravados pola crise derivada da Covid-19.

Problemas estruturais que non corrixiron as políticas de emprego do goberno galego nos anos de goberno do señor Feijóo. O que en conxunción cos datos da Enquisa de Poboación Activa, confirman a situación extremadamente complicada do sistema e a febleza do noso mercado laboral.

E de fondo, como coadxuvantes necesarios desta situación, unhas reformas laborais do 2010 e do 2012, lesivas para a crase traballadora galega, que só serviron para aumentar a precariedade laboral e impediron a creación de emprego estábel e de calidade en sectores estratéxicos como é o industrial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Lesividade desas reformas que non se ve corrixida pola “non reforma laboral” anunciada coma un hito dende o goberno central, pero que deixa incólumes aspectos tan negativos como a flexibilización (por barato e unilateral) do despido, o poder case absoluto das empresas para decidir unilateralmente sobre modificacións substanciais das condicións de traballo ou descolgues salariais. Ou mesmo a prevalencia dos convenios estatais que impiden un marco propio de relacións laborais articulado a medio convenios autonómicos ou provinciais. Así como que sigan a prevalecer os convenios de empresa sobre os do sector, relativizando unha posíbel subida dos salarios. Aspectos todos eles negativos para a clase traballadora galega, que deberían mudarse durante a tramitación parlamentaria que se dará nas próximas semanas no Congreso dos Deputados.

Ante esta situación, o goberno galego, dentro das súas competencias, debe adoptar medidas efectivas e de calado que corrixan problemas estruturais do noso mercado laboral, que supoñan avances significativos para as maiorías sociais deste país e, en concreto, atallen a precaria situación laboral de mulleres e mozos galegas. Así como esixir do Estado a derogación das reformas laborais do 2010 e 2012 que tanto dano lle fixeron á clase traballadora galega.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta da Xunta de Galiza a:

a) Mudar profundamente as políticas de emprego ante a ineficacia das implementadas nos doce últimos anos, para así rachar coa temporalidade na contratación e a precariedade laboral, ou a estacionalidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Implementar un plan específico de emprego feminino co obxectivo de atallar a precariedade e falta de oportunidades que sofre este colectivo, centrado na reincorporación das mulleres expulsadas do mercado laboral (inactivas) e, dentro das políticas activas de emprego, implementar programas de orientación, emprego e formación para o emprego dirixidas especificamente ao colectivo das mulleres, para acadar igualdade real de oportunidades.

b) Elaborar e implementar un plan de emprego para a mocidade co obxectivo de rachar coa precariedade a temporalidade estrutural que caracteriza a este colectivo.

c) Impulsar unha estratexia de emprego a medio/curto prazo para a creación de postos de traballo vencellados ao sector público, a sectores económicos estratéxicos e a sectores emerxentes, priorizando o emprego estábel e de calidade, a inserción sociolaboral da mocidade e das mulleres, a reversión do devalo demográfico e a reorientación e transformación da economía galega.

d) Solicitar do goberno do Estado a derogación das reformas laborais acometidas nos anos 2010 e 2012, para recuperar dereitos laborais perdidos, e, en especial, a necesidade de autorización administrativa dos ERE.”

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 02/02/2022 11:06:09

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/02/2022 11:06:13

Noa Presas Bergantiños na data 02/02/2022 11:06:23

Ana Pontón Mondelo na data 02/02/2022 11:07:20





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza experimentou desde o comezo do verán de 2021 unha nova fase do modelo espoliador enerxético imposto ao longo da nosa historia sufrindo un baleirado espectacular e sen precedentes de varios dos seus encoros de gran hidráulica, singularmente nas comarcas de Ourense e do sur de Lugo.

No mes de agosto de 2021 non só ficou fulminado todo récord existente respecto do prezo da enerxía eléctrica sen que o goberno central arbitrara medidas efectivas e sen que o goberno da Xunta de Galiza impulsara medidas para que Galiza, país líder en produción, non se vise igualmente penalizada. Ademais, isto aconteceu nun contexto no que as grandes empresas eléctricas contribuíron a esta situación especulando cos prezos e coa produción.

Múltiples encoros galegos, singularmente varios de Ourense mais tamén doutras zonas do país como Lugo, salientando o caso de Portomarín, viron reducida repentina e drasticamente a súa capacidade. Así as cousas, se tomamos como exemplo o concello de Vilariño de Conso, podemos ver como se na última semana de agosto a media anual adoita ser para o caso do encoro da Cenza dun 50%, neste 2021 mantívose no escaso 15%. A mesma porcentaxe tivo practicamente o encoro de Portas, cuxa capacidade no





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ano 2020 estaba no 75%. Esta situación continuou na maioría deles nos meses de inverno.

O baleirado abusivo dos encoros afecta á forma de vida dos veciños e das veciñas das zonas en que están situados e aos seus modos de vida, dana o medio ambiente, impacta na flora e na fauna e afecta a actividades como a pesca, o turismo ou o deporte acuático. Como consecuencia especialmente preocupante hai que poñer enriba da mesa que nalgunhas zonas do país, como é o caso do Macizo Central e da contorna do Invernadoiro mesmo supoñen un perigo ao reducir os espazos onde os medios de extinción de incendios poderían cargar auga, toda vez que son zonas de alta actividade incendiaria e que nos últimos anos os meses de setembro, con calor tardío, están a ser delicados na montaña ourensá.

Esta situación continúa no inverno, co agravante de que Galiza experimenta o seu xaneiro máis seco en máis dunha década e que zonas afectadas por esta situación, como a comarca da Baixa Limia e de Monterrei-Viana están a experimentar xa importantes lumes que veñen afectando espazos de protección natural coma o Xurés, por exemplo.

A comezos de febreiro a Xunta confirmaba a imposición dunhas ridículas sancións ás compañías eléctricas, de apenas 25.000 euros por encoro. Esta situación é intolerable, toda vez que ademais o propio Partido Popular rebaixara as sancións a través da tramitación da lei de pesca continental. Son contías ridículas e non van acompañadas, ademais, de esixencias para que esta situación se corrixa.

Galiza ten 45 centrais de gran hidráulica e as poboacións e ecosistemas afectados non poden ficar ao libre albedrío de empresas privadas e dos seus intereses.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar do goberno central a imposición de sancións sobre as empresas hidroeléctricas que acometeron bruscos e repentinos baleirados de encoros en Galiza desde o verán de 2021 sen xustificación e demandar un Plan de compensación con medidas económicas e de restauración ambiental.

2. Demandar do goberno central a investigación, a través da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, das prácticas das empresas eléctricas e do papel da alteración das capacidades dos encoros na fixación dos prezos enerxéticos de cara a depurar responsabilidades.

3. Demandar do goberno central o impulso das modificacións legais oportunas para evitar a repetición desta situación.

4. Impulsar as modificacións legais oportunas para incrementar as sancións impositivas desde o ámbito competencial da Xunta de Galiza.

5. Demandar do goberno central o traspaso das competencias sobre as bacías hidrográficas.”

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/02/2022 11:36:32

Ramón Fernández Alfonso na data 02/02/2022 11:36:37

Noa Presas Bergantiños na data 02/02/2022 11:36:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación da factoría de Leite Celta no Concello de Pontedeume.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A factoría que a empresa Leche Celta S.L.U. ten no lugar de Andrade, no Concello de Pontedeume, conta desde novembro do ano 2017 con un convenio propio, o 1º de este tipo, que se aplica a un colectivo de 170 persoas.

Un logro da parte social que conseguía desmarcarse por fin, e superar, o convenio de ámbito estatal para as industrias lácteas e o seus derivados, totalmente condicionado e limitado polas dinámicas propias da negociación colectiva de ámbito estatal.

A vixencia pactada no convenio remataba o 31 de decembro do 2020 e a primeira reunión da negociación do 2º convenio tivo lugar o 16 de febreiro do ano 2021.

As pretensións patronais de modificar o sistema retributivo e a súa negativa a aceptar as reivindicacións sociais, entre elas o mantemento do poder adquisitivo, provocan un bloqueo das negociacións que a parte social contestou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

con unha convocatoria de folga que despois de varias semanas de paros parciais a partir deste 31 de xaneiro pasou a ser indefinida.

No transcurso de esta convocatoria folga o comité ven de denunciar perante a Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social que a empresa está a derivar o leite que debería abastecer a factoría en folga ás outras factorías que a empresa ten no estado español para o seu envasado. É dicir, a empresa está a substituír ao persoal en folga vulnerando o seu dereito fundamental.

O grupo LECHE CELTA ten 3 factorías no Estado, a de Andrade, no Concello de Pontedeume, única afectada pola negociación do convenio e pola folga, e outras dúas en Ávila e Santander cara onde está a desviar o leite que habitualmente debería ser envasado na factoría galega.

Salienta o feito de ser unha empresa perceptora habitual de subvencións por parte tanto do goberno estatal como da Xunta de Galiza, tal como se comproba pola cartellaría dos organismos outorgantes dos fondos públicos: Consellaría de medio rural, IDAE ou INEGA.

É por isto que o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Reunirse cos representantes do persoal.
2. Impulsar de inmediato cantas accións resulten necesarias para lograr que a empresa LECHE CELTA cese na vulneración dos dereitos fundamentais do persoal en folga.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Medie entre as partes en conflito procurando un acordo que garanta o mantemento do poder adquisitivo do persoal da factoría.”

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 02/02/2022 12:04:29

Daniel Pérez López na data 02/02/2022 12:04:33

María do Carme González Iglesias na data 02/02/2022 12:04:41

Ana Pontón Mondelo na data 02/02/2022 12:04:48



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Pedro Puy Fraga, José Manuel Balseiro Orol, Miguel Tellado Filgueira, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Tal e como víñamos advertindo tanto desde o Grupo Parlamentario Popular como, en reiteradas ocasións, desde a Consellería de Emprego e Igualdade, o terceiro e cuarto plans de rescate dirixidos a apoiar o tecido produtivo da nosa Comunidade, especialmente a aqueles sectores e actividades afectados en maior grao polas consecuencias da covid-19, non acadaron os resultados esperados.

Pese a que Galicia foi unha das comunidades autónomas españolas que logrou unha máis ampla execución dos fondos dispoñibles –entorno ao 70%– hoxe sabemos que dos 234,4 millóns de euros achegados pola administración central tan só puideron executarse entorno a 166 millóns de euros. O Goberno de España impuxo uns requisitos difíciles de cumprir aos que hai que sumar unha sobrecarga burocrática no procedemento, factores que ocasionaron que só se recibiran 15.061 solicitudes e que quedaran sen executar o 30% dos fondos. Moitos dos potenciais beneficiarios quedáronse fóra do novo paquete de axudas polos condicionantes impostos desde a administración central, como foi o caso, por exemplo, das persoas traballadoras autónomas que non presentaran débedas nin pagos pendentes, por teren as contas ao día, con independencia da súa situación económica real.

Esta circunstancia contrasta co acontecido nos dous primeiros plans de rescate que a Xunta de Galicia puido xestionar directamente e en liberdade, e que financiou con cargo a fondos autonómicos.

Neste caso, os requirimentos deseñados polo Goberno autonómico no seo do diálogo social, permitiron poñer a disposición do tecido empresarial galego en tempo récord, en apenas catro meses, 182 millóns de euros -practicamente o 100% da contía orzamentada- a través da tramitación de 80.000 solicitudes.

Conscientes desta realidade, desde a Consellería de Emprego e Igualdade veñen de remitir cadansúas cartas á vicepresidenta primeira, Nadia Calviño, e á ministra de

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Facenda e Función Pública, María Jesús Montero, solicitando a reasignación a Galicia dos preto de 70 millóns de euros que quedan sen executar destes fondos estatais, sumando a totalidade dos fondos procedentes de renuncias ou reintegros. O obxectivo é que poidan ser destinados na súa totalidade ao tecido produtivo galego no ano 2022, impulsando unha nova convocatoria de axudas directas, cuns requisitos que se axusten o máximo posible á realidade empresarial da comunidade e non os sigan privando dos cartos que lles corresponden.

Se a Xunta de Galicia fose a Administración encargada de elaborar estes dous últimos plans, a imaxe e semellanza do acontecido cos dous primeiros, o noso tecido empresarial xa tería nas súas contas a totalidade dos fondos dispoñibles que, a día de hoxe, están en risco de perderse, ao volver as arcas do Goberno de España; non por culpa non da Xunta nin dos autónomos e empresas, senón porque o Goberno central non foi quen de facer que estas axudas fosen xustas e accesibles.

Cómpre recordar que a venda das factoría de Alcoa na Coruña e Avilés a Partner-Capital, quen as revendeu ao Grupo Industrial Riesgo, foi no seu momento tutelada polo Ministerio de Industria que, co visto e prace da Xunta de Galiza, saudou a operación, destacando que cumpría “co compromiso subscrito polo Goberno, administracións autonómicas, comités de empresa e a multinacional Alcoa para encontrar unha solución integral e viable aos case 700 postos de traballo que estaban en risco”.

É preciso, xa que logo, que tanto a Xunta de Galiza como o Goberno del Estado asuman a súa responsabilidade na operación e garantan de forma efectiva a continuidade da actividade industrial e dos postos de traballo, apostado pola intervención pública de ser necesario.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Realizar todas as xestións necesarias, en colaboración e coordinación cos representantes dos traballadores, para lograr unha solución urxente que asegure a continuidade da actividade industrial e o mantemento do emprego na planta de Alu Ibérica da Coruña.

2.- Axilizar a adopción de medidas que favorezan que a factoría estea nas mellores condicións para manter a súa capacidade produtiva e evitar a destrución de emprego e, en particular, articular unha solución que asegure o subministro eléctrico necesario para reactivar a electrólise a un prezo competitivo.

3.- Estudar todas as alternativas posíbeis para asegurar a pervivencia da planta de Alu Ibérica da Coruña, incluída, se for preciso, a súa incorporación ao sector público, por pertencer a un sector industrial estratéxico.”

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 03/02/2022 12:44:27

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/02/2022 12:44:37

María do Carme González Iglesias na data 03/02/2022 12:44:47

Daniel Pérez López na data 03/02/2022 12:45:12

Ana Pontón Mondelo na data 03/02/2022 12:45:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa SAERCO (Servicios Aeronáuticos de Control e Navegación), concesionaria de Licenzas de Proveedores de Servizos de Torres de Control Liberalizadas do Lote 2, está a modificar de forma unilateral as condicións laborais e salariais dos traballadores.

O contrato coa anterior concesionaria do servizo establecía unha retribución variable en función de obxectivos persoais e colectivos que a nova concesionaria tivo que manter. Mais na práctica a empresa está intentando minimizar os bonus mediante a imposición dun novo criterio que fixa os obxectivos en base a un parámetro financeiro: o EBITDA. A empresa fixou o valor de referencia para poder obter o 100% do bonus no EBITDA obtido no ano 2019, un ano con récord de tráfico nos aeroportos e previo á pandemia. De forma que a empresa en lugar de fixar o obxectivo atendendo á situación de excepcionalidade que viven os aeroportos, está a fixar uns obxectivos claramente inalcanzables, de forma que fai recaer sobre os salarios dos traballadores os efectos provocados pola pandemia.

Por outra parte, a empresa concesionaria ten denunciado o convenio de centro na que se fixaban unha serie de melloras sobre o convenio colectivo. O convenio de centro





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

foi acordado coa anterior concesionaria e tiña como vixencia até o 31 de decembro de 2021, e establecía que se dito convenio era denunciado se prorrogaría de forma automática durante 3 anos para permitir alcanzar un novo acordo de centro. Pois ben, a empresa logo de denunciar dito convenio notificou que non habería prórroga e que este se extinguía e deixaba de ter efecto.

Os traballadores e traballadoras interpuxeron demanda fronte as reiteradas ilegalidades que vén cometendo a empresa. Fronte a isto a empresa está actuando con coaccións, mediante a ameaza de apertura de expedientes e abrindo procesos informativos nos que se interroga aos traballadores. Dende a Unión Sindical de Controladores Aéreos denuncian tamén o despido fulminante e improcedente dunha traballadora como medida de persecución aos traballadores e traballadoras que se mobilizan na defensa dos seus dereitos e como medida para efectuar unha renovación da plantilla que lle permita abaratar os custes salariais. De feito a diferenza salarial entre os traballadores e traballadoras con máis antigüidade e os que contan con menos supón unha diferenza dun 65% máis de salario para o primeiro. Os traballadores denuncian que a empresa ten como obxectivo reducir costes, tras facerse cunha concesión de nove torres cunha oferta estimada excesivamente baixa, na que non se valoraron suficientemente as condicións salariais que por convenio teñen garantidas as traballadoras, e que agora a empresa está tratando de eliminar complementos do soldo, de eliminar unilateralmente o convenio de centro e con despedimentos na actual plantilla para reempazala por novo persoal.

A Xunta, en canto que autoridade laboral competente debería preocuparse por garantir o respecto máis escrupuloso da normativa laboral, e en xeral, en canto que goberno galego debería ser proactiva na protección e mellora das condicións laborais e salariais de todos os galegos e galegas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Reunirse coa representación do persoal.
2. Instar á empresa a cesar en todos os comportamentos que signifiquen unha vulneración dos dereitos laborais.
3. Despregar toda a actividade necesaria para garantir o respecto tanto do convenio do centro de traballo como de calquera outras condicións laborais e salariais que o persoal tivese consolidadas.
4. Velar polo mantemento do nivel retributivo e capacidade adquisitiva do persoal.
5. Instar ao goberno do Estado a promover a resolución da concesión por incumprimento da normativa laboral e a aplicar o estipulado sobre prohibicións para contratar co sector público.”

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Daniel Pérez López

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2022 15:51:08

Daniel Pérez López na data 03/02/2022 15:51:12

Alexandra Fernández Gómez na data 03/02/2022 15:51:24



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A finais de 2019, o Tribunal Supremo deu a razón á construtora FCC nunha demanda interposta por sobrecustos na construción do Museo da Cidade da Cultura, considerando que o proxecto do edificio tiña “erros”, “carecía da necesaria definición” e “non estaba suficientemente desenvolvido”. Os sobrecustos foron estimados en arredor de 2,5 millóns de euros, pero quedaban por concretar os xuros de demora que implicaran. O xulgado de primeira instancia de Santiago no que comezara o caso iniciou o proceso de execución de sentenza e a construtora formulou unha petición de xuros de 1.005.377,20 euros.

Ese cálculo foille trasladado polo xulgado á Xunta dándolle dez días para que contestase alegando o seu acordo ou desacordo. “Transcorrido con creces o prazo de dez días” sen resposta da Xunta, segundo confirmou posteriormente a Audiencia Provincial da Coruña, o xulgado ditou un decreto polo que aprobaba a liquidación de 1.005.377,20 euros en xuros. Nese momento a Xunta tentou sen éxito recorrer primeiro ante o xulgado e despois ante a Audiencia da Coruña esa resolución xudicial, alegando que a comunicación do xulgado para que formulase alegacións ao cálculo da empresa “chegou ao denominado Sistema de Seguimento de Preitos, pero non á conta de correo electrónico corporativo da letrada encargada nese momento do procedemento, que non recoñeceu a comunicación e a arquivou directamente como ‘spam’”. A Xunta acompañou para apoiar as súas alegacións un informe emitido polo xerente de Amtega. No seu recurso ante a Audiencia a Xunta argumentou que rexeitar a súa petición de volver ao momento procesual no que debía emitir a súa propia estimación dos xuros suporía “un grave dano ao erario”.

Nas contas anuais da Fundación Cidade da Cultura correspondentes a 2020 salientase como un dos principais feitos ocorridos en 2020 o decreto xudicial que fixaba os xuros en 1.005.377,20 euros, sinalando que a Xunta de Galicia interpuxera recurso de revisión contra o dito decreto e que “o impacto económico de non estimarse o recurso en defensa dos intereses da Fundación sería o seguinte: 293.659 euros” (sic).



Unha resolución da Audiencia provincial da Coruña ditada a principios de 2021 confirmou a decisión do xulgado de primeira instancia de fixar en 1.005.377,20 euros os xuros a pagar pola Xunta a FCC, contestándolle nela a Audiencia á Xunta en relación coa alegación do “grave dano ao erario” que implicaría non admitir o seu recurso, que “a defensa do erario público incumbe de modo especial á recorrente [a Xunta], que debe velar pola correcta recepción das comunicacións”. O propio tribunal apunta nesa resolución a posibilidade de configurar mellor os sistemas informáticos ou dar instrucións aos destinatarios das mensaxes para examinar a carpeta de *spam*. Mais concretamente, o auto da Audiencia Provincial da Coruña di literalmente o seguinte: “el error informático al que alude el letrado de la Xunta no es un acontecimiento imprevisible o inevitable. Si se configura una cuenta de correo corporativo con la posibilidad de recibir notificaciones que serán remitidas a la cuenta de “spam” es previsible que algunas notificaciones vayan a ser enviadas a esa carpeta. Está en manos de quien configura la cuenta corporativa suprimir la carpeta “spam” o introducir los filtros necesarios para que las comunicaciones de interés, en especial las de otras administraciones, no vayan a esa carpeta. O, de forma más simple, dar instrucciones a los titulares de las cuentas para que examinen los correos incluidos en la carpeta de “spam” (en castelán na resolución xudicial).”

En xaneiro de 2022, unha resolución da Comisión da Transparencia dependente da Valedora do Pobo deixa constancia de incumprimentos da Lei de transparencia por parte da Xunta (en concreto da Amtega) na xestión da información solicitada en relación con este asunto –ao abeiro da propia lei transparencia- polo medio de comunicación (Praza.gal) que publicou as informacións sobre este asunto.

Así, segundo a resolución da comisión: “Pola Comisión da Transparencia solicitouse á Axencia a aportación do seu criterio mediante a remisión de informe e copia do expediente que non se recibiu, o que obriga a continuar a tramitación do expediente sen os seus argumentos”, engadindo que “a información solicitada debe considerarse que é información pública por se tratar dun documento elaborado pola Axencia no exercicio das súas funcións, polo que dada a falta de alegacións en contra por parte da administración, en beneficio do interese público, debe aportarse a información pedida”. Engade a resolución que, de non facelo, a Xunta debe argumentar as excepcións legais nas que se ampara.

A resolución conclúe instando a Amtega a responder á petición de información nun prazo máximo de 10 días hábiles e a enviarlle en 15 días á Comisión da Transparencia copia do envío desa información para poder supervisar que así o fixo.



En suma, segundo as alegacións da Xunta no proceso, causouse un prexuízo económico ao erario público por non contestar en prazo unha resolución xudicial para cuantificar os xuros, prexuízo que as contas da Fundación Cidade da Cultura cuantifican en 293.659 €. A única xustificación esgrimida pola Xunta é que a comunicación xudicial foi tratada, semella que automaticamente, como *spam*, algo incomprendible a non ser que o sistema informático da Xunta sexa completamente defectuoso.

Ademais desta incomprendible negligencia, a Xunta négase inxustificadamente a facilitar información en relación con este tema, vulnerando a lei de transparencia, segundo se pode deducir da resolución da Comisión de Transparencia de Galicia anteriormente citada e na medida en que non hai ningunha excepción na Lei de transparencia que poda dar cobertura á negativa a facilitar información sobre este tema.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o goberno galego a que leve a cabo unha investigación do motivo polo que non se contestou en prazo unha resolución xudicial derivada do proceso no que se dilucidaron os sobrecostos reclamados por FCC en relación con obras na Cidade da Cultura, cuantifique o custo para o erario público desa falta de contestación e depure as responsabilidades que procedan, establecendo os mecanismos para que non volva a repetirse unha situación semellante e informando no Parlamento de Galicia do resultado de todo o anterior nun prazo non superior a tres meses.

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 02/02/2022 12:03:06

Paloma Castro Rey na data 02/02/2022 12:03:22





Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/02/2022 12:03:33





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as denuncias presentadas por varias mulleres por abuso sexual por parte dun médico cando acudiron á súa consulta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coñecemos a través dos medios de comunicación da denuncia de varias mulleres por abuso sexual e ultraxe por parte dun médico no centro de saúde de Padrón.

Consideramos gravísimo que estas mulleres teñan presentado reclamacións diante do Sergas, tanto escritas como con chamada directa á Inspección Sanitaria, nos anos 2019, 2020, 2021 e que por parte d@s responsábeis sanitari@s non se teña actuado para protexer a estas mulleres, e a todas as que tiveran que acudir a consulta con este médico, neste ou noutros centros sanitarios onde estivera desenvolvendo a súa actividade. Que tiveran que acudir ao xulgado buscando o amparo que non lle prestou o Sergas.

É inaceptábel esta pasividade, encubrimento e ocultación, diante da gravidade dos feitos denunciados que supoñen abuso de poder, violencia de xénero nunha situación de tanta vulnerabilidade como cando unha persoa, unha muller, precisa atención sanitaria.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son moitas as explicacións que ten que dar a Consellaría de Sanidade. Non hai ningunha xustificación de que non tivera actuado, para que deixaran a estas mulleres desprotexidas diante dunha actuación tan desprezábel, cando era coñecedora dos feitos desde hai dous anos. Ningunha xustificación a demora en realizar unha investigación e expediente unha vez presentadas as denuncias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

- 1.- Proceder de inmediato á suspensión da actividade profesional deste médico denunciado por varias doentes por abusos sexuais.
- 2.- Abrir de inmediato un expediente disciplinario.
- 3.- Presentar no prazo máximo dun mes un informe no que consten todas as accións realizadas polo Sergas, e datas de realización, desde as reclamacións e denuncias presentadas diante do Sergas polos abusos deste médico no centro de saúde de Padrón ou noutros centros sanitarios onde tivera traballado.
- 4.- Elaborar á maior brevidade un protocolo que permita a actuación inmediata e a toma de medidas cautelares, diante da denuncias de abuso sexual, violencia de xénero, abuso de poder coas mulleres doentes por parte de profesionais do Sergas na súa práctica profesional.”

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2022 18:14:27

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2022 18:14:32

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2022 18:14:43



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Diego Calvo Pouso, Pedro Puy Fraga, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos:

A Comisión Galega da Competencia emitiu o pasado 20 de decembro un informe no que alerta de que a pretensión do Goberno central de impoñer peaxes nas autovías suporá un 'evidente dano' aos intereses económicos de Galicia pola súa situación periférica.

O órgano consultivo censura que o Goberno central pretenda xustificar a adopción desta medida escusándose nunha suposta obrigatoriedade da Unión Europea que non é tal. Critica tamén que Administración central xustifique as peaxes polo alto custo de mantemento dunhas infraestruturas que, segundo recalca, adoecen de "falta de rigor" na súa planificación.

A Comisión da Competencia, aínda que apela á busca de alternativas ao cobro de peaxes, no caso que o Goberno de España siga adiante coa aplicación desta medida, aposta por un sistema tipo viñeta, ao considerar que sería o que menos dano causaría ao mercado e á actividade comercial, empresarial e industrial de Galicia. Advirte así mesmo que a implantación de taxas nas autovías tería que compensarse coa liberación das peaxes na AP-9 e na AP-53.

Polo exposto, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario presentar esta proposición non de lei para o seu debate en pleno:

"O Parlamento insta ao Goberno galego a pedir ao Goberno de España que tome en consideración o informe da Comisión Galega da Competencia sobre os prexuízos que a imposición de peaxes nas autovías causaría á economía de Galicia e que, en caso de que siga adiante coa medida, como mal menor, aplique o sistema de viñeta".



Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/02/2022 18:15:36

Diego Calvo Pouso na data 03/02/2022 18:16:06

Freire Vázquez, María Begoña na data 03/02/2022 18:16:19

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/02/2022 18:16:28

María Sol Díaz Mouteira na data 03/02/2022 18:16:41

José Manuel Balseiro Orol na data 03/02/2022 18:17:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Carmen María Pomar Tojo na data 03/02/2022 18:17:42

Ramón Carballo Páez na data 03/02/2022 18:17:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG aposta por transportes públicos e colectivos de calidade e, especialmente, polo transporte ferroviario porque é o modo de mobilidade do futuro e para iso ten que haber investimentos e os servizos axeitados.

Malia o papel relevante que ten que xogar o transporte ferroviario vemos como unha comarca, con tanto potencial como é O Salnés e Vilagarcía como cabeceira de comarca, vai xusto na dirección contraria, deterioro do servizo e perda de frecuencias, cando estamos nun contexto de loita contra o cambio climático que exige unha maior aposta polo servizo ferroviario público.

Recortes en todos os servizos ferroviarios redución drástica de cercanías, de frecuencias e a práctica inexistencia de longa distancia.

A estación de Vilagarcía non só dá servizo aos 38 mil habitantes deste concello, senón a toda unha zona de influencia de arredor de 150 mil persoas da comarca do Salnés, Caldas-Umia e incluso parte da Barbanza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A estación de Vilagarcía é a 5ª de Galiza en tráfico de viaxeiros de media distancia. E está entre as 20 primeiras a nivel do Estado, segundo a información recollida no Observatorio do Ferrocarril, dependente do Ministerio de Transportes.

A ruta con máis viaxeiros é Vilagarcía-Santiago, fundamentalmente polos estudantes universitarios cun aumento constante nos últimos anos, con máis de 300 mil pasaxeiros no ano 2019 o que supuxo un aumento do 4.6%. É a terceira ruta galega de media distancia despois de Santiago-Coruña e Vigo.

Ao inicio da pandemia orixinada pola Covid 19 en marzo de 2020 eliminaron paradas en Vilagarcía e as cercanías, as lanzadeiras, que daba servizo á veciñanza de concellos como Catoira, Pontecesures ou Padrón.

Con esta eliminación traballadores/as estudantes e a viaxeiros en xeral, dificultáselle usar o tren para os seus desprazamentos xa que os horarios son en moitos casos incompatíbeis co inicio e remate da súa actividade.

Perda de frecuencias ao que se suma o de persoal, non reposición de efectivos por xubilacións, non substitución de vacacións, que leva a unha deficiente atención ás persoas usuarias.

Non hai xustificación para que unha estación como a de Vilagarcía teña unha perda de frecuencias e servizos cando ten un aumento constante de pasaxeir@s.

É unha sen razón que deixen á veciñanza de concellos como Catoira ou Pontecesures sen un servizo básico como é o tren.

A poboación da comarca do Salnés en xeral, e en particular traballadores/as, estudantes, precisan un transporte ferroviario de calidade, que permita a comunicación da veciñanza co resto de Galiza, que una o importante número de estudantes cos campus





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

universitarios, Santiago, Pontevedra, Vigo, ou a traballadoras/es acudir aos seus postos de traballo.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español para:

-Recuperar na estación de Vilagarcía todas as frecuencias suspendidas durante a pandemia pola COVID 19, debido á redución de mobilidade que aínda non foron repostas.

-Aumentar as frecuencias e servizos ferroviarios desde a estación de Vilagarcía, especialmente coas conexións cos principais centros de traballo e estudo, de maneira que se eviten as masificacións e se garanta a compatibilidade cos horarios laborais e lectivos.

-Repoñer as lanzadeiras que daban servizo á veciñanza de concellos como Catoira, Pontecesures ou Padrón.”

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2022 18:16:30

Paulo Ríos Santomé na data 03/02/2022 18:16:42

Xosé Luis Bará Torres na data 03/02/2022 18:16:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione cantos antes diante deste tema tan importante para o sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por terceiro ano consecutivo, e inexplicábel e incomprendiblemente, o Goberno español está a impedir a pesca e a comercialización do marraxo dientuso ao sector do palangre de superficie galego, único no Estado que dirixe a súa actividade a esa especie, entre outras.

A decisión da Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (ICCAT), tomada na súa reunión do pasado mes de novembro e en vigor dende xaneiro deste mesmo ano para as dúas vindeiras campañas, vén de prohibir reter, transbordar e desembarcar, total ou parcialmente, marraxo dientuso do Atlántico Norte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia que era unha decisión agardada polo sector, volve ser un golpe durísimo para unha frota que fixo enormes esforzos dirixidos á sostibilidade dos recursos nos últimos anos, nos que vén reducindo as súas capturas case un 40% e dotándose voluntariamente de monitores electrónicos e dun maior número que o requirido de observadores a bordo para aportar máis datos científicos.

Agora, mentres se inicia unha fase de recuperación da especie, deberán agardar a vindeira avaliación da ICCAT que estaba prevista para 2027 e que finalmente adiántase ao 2024.

A prohibición, que viña xa precedida doutra avaliación do ICCAT no 2017, que limitou enormemente a captura do marraxo, e da inclusión da especie no Apéndice II de CITES (Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres) no 2019, que provocou que se puidese capturar o marraxo pero, na práctica, non comercializalo, afecta unicamente ao Atlántico Norte, mentres no Pacífico, no Índico e no Atlántico Sur non hai establecemento de límites.

No entanto, a descordinación e a deficiente xestión do Goberno español que tantas veces foi debatida no Parlamento Galego ao longo deste ano e medio, neste caso persiste e, xa comezado febreiro, é un clamor do sector, que continúa coa súa actividade bloqueada, que se publique a cantidade de toneladas ás que se lles expedirá o certificado CITES, imprescindible para que o marraxo poda comercializarse.

A día de hoxe os cupos CITES 2022, que deberían estar anunciados dende o 1 de xaneiro, aínda non se coñecen. Tampouco está establecida a operativa administrativa para expedir os certificados, cuxa xestión foi trasladada do Ministerio de Comercio ao Ministerio de Transición Ecolóxica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación totalmente anormal e extremadamente gravosa para o sector podía ter certa xustificación no 2020, primeiro ano de aplicación dos certificados CITES, pero o problema continuou no 2021 e agora afecta non só ás capturas deste ano 2022 senón ás realizadas no mes de decembro de 2021 que quedan bloqueadas ao chegar a porto porque non se expiden os certificados CITES.

Só nos primeiros 15 días de xaneiro, o sector estimou unhas perdas de máis de 2 millóns de euros provocadas por este retraso e pola falla de solucións inmediatas que están a poñer en risco a viabilidade das súas empresas.

O cambio dunhas competencias que estaban en mans do Ministerio de Comercio -que expedía os certificados previa autorización do MITECO, que determinaba o cupo autorizado- ao de Transición Ecolóxica non veu senón a agravar aínda máis a situación, xa que agora intervén outro organismo, o CSIC, que fixa os límites previa expedición das autorizacións.

Un auténtico embrollo burocrático no que o Ministerio de Pesca só mantén a súa función de autorizar as capturas seguindo as recomendacións da ORP correspondente, pero descoñecendo o cupo comercial ou en que momento se autorizará. Deste xeito, na reunión que a Secretaría Xeral de Pesca mantivo o pasado 23 de xaneiro con representantes do sector só puido comprometerse a solventar o reparto dos topes, compromiso que non solventa a totalidade do problema pero que permitiría aos barcos comezar a pescar.

Con todo, malia á reiteración e á desesperación dun sector que abrangue 120 buques e máis de 850 tripulantes, a día de hoxe a situación aínda non variou e dende o pasado 1 de xaneiro os barcos teñen que descartar todas as súas capturas de marraxo dientuso ata que se lles informe dos cupos. E é aínda despois desa comunicación, cando deberán cumprir unha norma contida nos seus permisos de pesca que di que “a retención





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da especie queda condicionada á posibilidade de certificación e comercialización que depende da autoridade administrativa do Convenio CITES”, que pode pospoñerse varios meses dende que comeza a marea pero que debe aplicarse á totalidade das capturas e retencións dende o comezo da mesma.

A este esperpéntico escenario, hai que engadir que outras froas comunitarias (Portugal), e tamén de terceiros países (Ecuador, Chile, etc.), están desembarcando e comercializando marraxo dentro do Estado español, mentres a nosa frota ten que deixar os peixes no mar ou nos conxeladores á espera duns permisos que o Goberno debiera ter expedido hai máis dun mes e que aínda se descoñece cando se producirá a autorización.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

. Que valoración fai o goberno galego da recente decisión da ICCAT, de prohibir reter, transbordar e desembarcar, total ou parcialmente, marraxo dientuso do Atlántico Norte?

. Que valoración fai sobre a afectación desa decisión á frota de palangre de superficie galega? Ten avaliado, ou vai avaliar, as consecuencias económicas e sociolaborais que lle xa lle está ocasionando e as que conlevará nos vindeiros dous anos?

. Que actuacións levou, ou está a levar, a cabo para desbloquear a situación á que está sometida por mor da ausencia de resposta do Goberno español en canto á comunicación dos cupos e á expedición de certificados de comercialización para 2022?

. Que alternativas valora para a frota galega de palangre de superficie diante das restricións que soporta?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que medidas vai implementar no futuro inmediato a Consellaría do Mar para paliar a crítica situación na que se atopa a mencionada frota?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2022

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2022 11:14:24

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/02/2022 11:14:35

Mercedes Queixas Zas na data 07/02/2022 11:15:06

Rosana Pérez Fernández na data 07/02/2022 11:15:15

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/02/2022 11:15:22

Daniel Pérez López na data 07/02/2022 11:15:31

Iria Carreira Pazos na data 07/02/2022 11:15:39

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2022 11:15:49

Daniel Castro García na data 07/02/2022 11:15:57

María del Carmen Aira Díaz na data 07/02/2022 11:16:06

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2022 11:16:14

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/02/2022 11:16:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 07/02/2022 11:16:29

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2022 11:16:38

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2022 11:16:44

Alexandra Fernández Gómez na data 07/02/2022 11:16:51

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/02/2022 11:16:59

María do Carme González Iglesias na data 07/02/2022 11:17:09

Paulo Ríos Santomé na data 07/02/2022 11:17:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre o futuro da concesión da Central do Inferno no río Verdugo.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade que o Parlamento se posicione canto antes sobre a concesión da Central do Inferno no río Verdugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 20 de setembro de 1899 iniciouse o expediente de aproveitamento hidroeléctrico de Ponte Inferno, no río Verdugo. Trátase dun expediente que tivo diferentes modificacións ao longo dos anos, até chegar a última titularidade de Naturgy Wind SL, que esgotou a concesión de aproveitamento da central hidroeléctrica en marzo do ano 2017.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta estrutura, se ben sempre tivo un importante impacto ecolóxico no río, a partir do ano 1994 este impacto incrementouse de xeito importante polo recrecemento do encoro de 5 a 12 metros

Despois de 131 anos de explotación, a pesar de que esta concesión acadou ao seu límite de explotación no ano 2017, e tal e como como denuncian tanto a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) como a Plataforma pola defensa do río Verdugo (PLADEVER) o Goberno Galego declarou a caducidade pero non realizou os trámites preceptivos para extinguir a concesión do aproveitamento hidroeléctrico de Ponte Inferno, no río Verdugo.

Estamos a falar de que Augas e Galicia, aínda que recibiu requirimentos destas organizacións ecoloxistas e de se rexistraren preguntas neste Parlamento para coñecer o estado dos expedientes de extinción; incumpriu o prazo legal de 18 meses para resolver o expediente de caducidade, que rematara había xa 5 anos.

Aliás, no último prazo concesional o encoro de Ponte Inferno foi obxecto de varias denuncias por agresións mediambientais relacionadas co incumprimento dos caudais ecolóxicos, ou por deficiencias nas escadas para peixes. Deficiencias que tal e como denuncian estes colectivos, implican fraudes de lei como o feito de que o obstáculo non se vexa reducido de 11 a 5 metros, tal e como se contempla na Lei de Pesca Fluvial.

No ano 2018, Pladever esixiu que se abriera o expediente de extinción por esgotamento do prazo concesional, o goberno galego non realizou os trámites correspondentes, e tal e como denuncian dende a propia asociación ecoloxista "Inexplicablemente, a administración deixou pasar máis de 8 meses (ata novembro de 2019) para mover un papel, e outros 7 meses máis (até xuño de 2020) para emitir o informe, xusto 10 días despois de que por lei caducara o trámite de extinción"





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos últimos meses, o goberno galego está a valorar o futuro destas centrais. Polo tanto, as decisións que se adopten nas vindeiras semanas serán cruciais para decidir o futuro de varios ríos galegos, entre eles o Verdugo.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

. Cal é a posición do Goberno galego a respecto da recuperación para o público das centrais hidroeléctricas que teñen concesións caducadas?

. Pensa o Goberno Galego adoptar algunha medida para recuperar para o público as centrais hidroeléctricas que, como a da Ponte do Inferno, teñen concesións de aproveitamento caducadas nos últimos anos?

. Vai a Xunta de Galiza esixir que á concesionaria da CH Ponte do Inferno, tal e como se contempla na Lei de Augas e no Regulamento de dominio Público Hidráulico que cumpra coas súas obrigas de recuperación medioambiental do cauce do río Verdugo?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos
Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonzo
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
M^a Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2022 13:06:12

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/02/2022 13:06:22

Mercedes Queixas Zas na data 07/02/2022 13:06:29

Rosana Pérez Fernández na data 07/02/2022 13:06:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/02/2022 13:06:51

Daniel Pérez López na data 07/02/2022 13:06:59

Iria Carreira Pazos na data 07/02/2022 13:07:08

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2022 13:07:16

Daniel Castro García na data 07/02/2022 13:07:25

María del Carmen Aira Díaz na data 07/02/2022 13:07:34

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2022 13:08:01

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/02/2022 13:08:09

María González Albert na data 07/02/2022 13:08:16

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2022 13:08:25

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2022 13:08:33

Alexandra Fernández Gómez na data 07/02/2022 13:08:40

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/02/2022 13:08:48

María do Carme González Iglesias na data 07/02/2022 13:08:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 07/02/2022 13:09:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, relativa ás medidas que vai adoptar o Goberno galego para esclarecer, inspeccionar e controlar o cumprimento dos contratos no servizo de transporte público de Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre o cumprimento dos contratos no servizo do transporte público de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunicación, poidan tela. Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Dende a instauración dos últimos plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica.

Concretamente, o transporte de viaxeiros por estrada camiña cara un comportamento monopolístico do Grupo Monbus facilitado pola administración pública, onde foron desaparecendo as pequenas e medianas empresas de transporte ao non ser quen de competir nas mesmas condicións que este grupo nas licitacións propostas pola Xunta de Galiza debido ao seu propio deseño e confección.

Esta situación de connivencia tradúcese na vulneración sistemática dos dereitos tanto de usuarios como de traballadores deste grupo unha vez se poñen en funcionamento os servizos licitados.

Isto é, supresión de liñas, itinerarios ou horarios ou modificación dos mesmos de xeito unilateral por parte da empresa concesionaria incumprindo os propios preceptos da lei de transporte da Xunta de Galiza no que ten ver con algo tan fundamental como o carácter social que debe ter un servizo público de transporte de viaxeiros.

Alén desta cuestión son moi numerosas as denuncias interpostas por sindicatos, colectivos e usuarios ante o incumprimento reiterado dos contratos asinados entre Xunta de Galiza e o Grupo Monbus, tales como a vulneración das condicións de traballo dos traballadores da concesionaria, o incumprimento na idade máxima dos autobuses que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

operan nas liñas, a duplicidade de vehículos en diferentes lotes concesionados ou a vulneración nos tempos de resposta para avarías cando non existen as bases destinadas a reparación que se estipulan nos contratos.

Non só están a existir problemas coa execución dos contratos das liñas regulares, senón que tamén se están dando no servizo de transporte escolar, con vehículos que aparecen nos listados de varias liñas, vehículos que superan a idade máxima permitida nos contratos operando neste servizo ou a problemática concreta da vulneración sistemática do persoal acompañante nestas liñas.

Estas denuncias mesmo veñen de chegar á vía penal e xudicial, despois dunha demanda interposta por unha agrupación de máis de 30 empresas do sector de transporte de viaxeiros por estrada, que están a alertar das irregularidades e os incumprimentos dos contratos tanto nas liñas regulares como no servizo de transporte escolar.

Este son só algúns exemplos das infraccións que se están a cometer na execución dos contratos asinados entre empresa e administración pública, sen que esta última faga o seu traballo de inspección e control dos mesmos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

1. É coñecedora a Xunta de Galiza das diferentes denuncias interpostas ante incumprimentos nos contratos licitados no servizo de transporte público de Galiza?
2. Está a velar a Xunta de Galiza polo cumprimento escrupuloso dos contratos licitados no servizo do transporte público de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Cal é compromiso da Xunta de Galiza ante a vulneración dos dereitos de traballadores e usuarios no servizo de transporte público de Galiza?
4. Cal é o compromiso da Xunta de Galiza co papel social, democratizador e ambiental que debe cumprir o servizo de transporte público por estrada?
5. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para investigar, inspeccionar e controlar que se cumpran escrupulosamente os contratos licitados e a legalidade vixente no servizo de transporte público de Galiza?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Olalla Rodil Fernández
Manuel Lourenzo Sobral
Carmen Aira Díaz
Luis Bará Torres
Iria Carreira Pazos
Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonso
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 07/02/2022 16:38:52

Paulo Ríos Santomé na data 07/02/2022 16:38:59

María do Carme González Iglesias na data 07/02/2022 16:39:03

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/02/2022 16:39:10

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2022 16:39:19

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2022 16:39:26

María González Albert na data 07/02/2022 16:39:32

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/02/2022 16:39:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2022 16:39:46

María del Carmen Aira Díaz na data 07/02/2022 16:39:55

Daniel Castro García na data 07/02/2022 16:40:04

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2022 16:40:11

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/02/2022 16:40:23

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2022 16:40:34

Mercedes Queixas Zas na data 07/02/2022 16:40:43

Rosana Pérez Fernández na data 07/02/2022 16:40:53

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/02/2022 16:41:03

Iria Carreira Pazos na data 07/02/2022 16:41:11

Daniel Pérez López na data 07/02/2022 16:41:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre as consecuencias na saúde das galegas tanto da vacinación fronte á Covid 19, como das secuelas tras a infección polo mesmo.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada diante das consecuencias na saúde das galegas tanto da vacinación fronte á Covid 19, como das secuelas tras a infección polo mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xénero inflúe nas diferentes necesidades de saúde e nos diferentes tratamentos e resultados. O corpo dun home e dunha muller son diferentes diante da enfermidade e dos tratamentos, non metabolizan igual os fármacos, son diferentes o xeito de enfermarse, de manifestar síntomas ou de sentir dor, e tamén sofremos patoloxías distintas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A pesares desta realidade, somos tratadas con protocolos médicos homoxéneos, consecuencia dun sistema de saúde baseado nun modelo masculinizado. O nesgo de xénero, a miúdo fai crer que as enfermidades son universais e comúns.

Hai nesgo de xénero no ámbito da investigación, da formación, da diagnose que culmina nunha abordaxe terapéutica deficitaria. Ignóranse efectos adversos específicos nas mulleres e tense minimizado o esforzo sobre aquelas patoloxías ou síndromes que teñen unha maior incidencia ou gravidade nas mulleres.

A ciencia leva anos excluindo ás mulleres nos seus estudos, ou cunha presenza minoritaria. Esa falta de perspectiva de xénero está tamén moi presente en todo o relacionado coa Covid 19. O sexo é unha das variábeis que afectan á resposta inmune innata e adaptativa, e tense descrito na literatura científica que as mulleres desenvolven unha maior resposta inmune a infeccións virais e á vacinación. As mulleres reportamos máis efectos secundarios nas vacinacións, porque temos un sistema autoinmune moito máis potente e orixina máis reaccións. As doenzas autoinmunes predominan nas mulleres respecto aos homes nunha proporción de nove a un, realidade que se ten constatado nos efectos da vacina da Covid 19.

O último informe sobre farmacovixilancia publicado pola Axencia dependente do Ministerio de Sanidade o 9 de xaneiro de 2022, mostraba que se tiña rexistrado na base de datos FEDRA un total de 55.455 notificacións de acontecementos adversos das vacinas fronte á Covid 19. A inmensa maioría das notificacións oficiais corresponden a mulleres, representan o 74%.

Moitas mulleres teñen manifestado sufrir efectos adversos tras ser vacinadas fronte á Covid 19, nunha moi alta porcentaxe relacionados con desaxustes no ciclo menstrual: Sangrados máis abundantes, durante máis días, atrasos, sangrados en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mulleres que xa tiñan a menopausa, problemas nas mamas, dores abdominais... Todo isto ten causado alarma e levado a solicitar consulta e probas diagnósticas por parte de moitas mulleres, que nunha parte importante foron minusvaloradas.

A Axencia Europea do Medicamento (EMA) aprobou catro vacinas sobre a base de ensaios clínicos aleatorios, ningunha desas vacinas contempla nos seus prospectos o risco de alteracións menstruais como posíbeis efectos secundarios da súa administración.

A pesares de que moitas mulleres teñan feito público eses efectos adversos, os estudos realizados ao respecto son moi escasos. Téñense realizado enquisas que maioritariamente mostran esta relación, e hai Universidades, como a de Granada, que están realizando estudos sobre a consulta moi frecuente sobre trastornos menstruais.

Un estudo elaborado por unha investigadora danesa determina que que só o 4% das investigacións científicas sobre a Covid 19 analizan a variábel de xénero e sexo, e dos levados a cabo centrados nas mulleres a maioría teñen a ver cos efectos sobre o embarazo.

É evidente que á pandemia non ten afectado por igual a homes e mulleres Non ten ningunha xustificación ignorar a perspectiva de xénero.

Consideramos preciso ter respostas sobre o efecto da Covid 19, e da inoculación da vacina fronte á mesma, na saúde das mulleres, por esa razóns formúlase a seguinte interpelacion polo trámite de urxencia:

Ten realizado a Xunta de Galiza algún estudo sobre as consecuencias na saúde das galegas, tanto da vacinación fronte á Covid 19, como das secuelas tras a infección polo mesmo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuación se ten seguido coas mulleres que teñen comunicado, ou solicitado consulta, por reaccións adversas tras ser vacinadas fronte á Covid 19?

Coida que recibiron unha atención axeitada ou que se ten minimizado o problema?

Considera que as galegas están recibindo a atención sanitaria axeitada dada a case inexistencia da perspectiva de xénero na investigación das vacinas e de fármacos fronte á Covid19?

Vai esixir que se inclúan na ficha técnica das vacinas fronte á Covid 19 os efectos secundarios referidos ás mulleres (menstruación, anticonceptivos, menopausa...)?

Ten realizado algunha actuación para demandar a aplicación da perspectiva de xénero na investigación relacionada con fármacos e vacinas para a Covid 19?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2022 17:26:16

Paulo Ríos Santomé na data 07/02/2022 17:26:21

María do Carme González Iglesias na data 07/02/2022 17:26:30

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/02/2022 17:26:36

Alexandra Fernández Gómez na data 07/02/2022 17:26:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2022 17:26:55

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2022 17:27:06

María González Albert na data 07/02/2022 17:27:16

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/02/2022 17:27:24

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2022 17:27:31

María del Carmen Aira Díaz na data 07/02/2022 17:27:39

Daniel Castro García na data 07/02/2022 17:27:49

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2022 17:27:55

Iria Carreira Pazos na data 07/02/2022 17:28:04

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/02/2022 17:28:13

Daniel Pérez López na data 07/02/2022 17:28:22

Rosana Pérez Fernández na data 07/02/2022 17:28:30

Mercedes Queixas Zas na data 07/02/2022 17:28:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/02/2022 17:28:51



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A enquisa de poboación activa (EPA) do cuarto trimestre do 2021 pon de manifesto a tenor dos datos que Galicia se sitúa a cola na creación de emprego en relación co resto do Estado e reflicte unha desfeita do mercado laboral galego.

A comunidade pecha o ano creando unicamente 10.400 empregos máis ca no 2020, unha porcentaxe do 0,96 %, catro veces e media inferior ao dato estatal (+4,35 %).

Con estas cifras, Galicia sitúase en porcentaxe de creación de emprego, concretamente no lugar 17 do total de 19 comunidades e cidades autónomas.

O paro sube un 20 % en mozos e mozas e maiores de 55 anos.

Tamén os datos de paro de longa duración son realmente preocupantes. Das 135.100 persoas que están en desemprego, 59.400 levan máis dun ano nesta situación, é dicir, son persoas paradas de longa duración. Estas cifras seguen moi por enriba da situación prepandemia, é dicir, a estas persoas estalles a custar moito saír do círculo do desemprego cos serios riscos de exclusión social que isto conleva.

No cuarto trimestre de 2019 había en Galicia 55.700 persoas nesta situación, fronte ás 59.400 actuais. No mesmo trimestre do 2020 eran 50.100.

Isto evidencia que a recuperación non está a chegar a todos e hai unha parte da sociedade que está a quedar á marxe da mesma.

A ocupación en Galicia, en relación ó trimestre anterior, tampouco arroxa resultados moi positivos. Tralo verán volve caer o emprego, o que evidencia que o mercado laboral galego está moi suxeito á estacionalidade e está moi marcado pola temporalidade. Así, baixa a ocupación nun 1,9 %, en 21.200 persoas, cando no Estado medra nun 0,8 %.



O escaso dinamismo do mercado laboral galego reflíctese nunha taxa de actividade de tan só 52,4 puntos, moi por debaixo dos 58,65 do resto do Estado. Isto evidencia un mercado laboral cunha clara tendencia á inactividade, ó desánimo e ás poucas oportunidades.

O paro tamén amosa un peor comportamento que o resto do Estado. Interanualmente, cae nun 5,3 % (16,56 % no Estado), en 7.500 persoas, pero en relación ó trimestre anterior, este medra nun 6,6 % (baixa no 9,16 % no Estado), en 8.400 persoas.

Quedando a taxa de paro en Galicia, con 135.100 parados, nun 11 %, e no Estado nun 13,33 %. O que reflicte unha menor presión de demanda de emprego nesta Comunidade, polo xa mencionado desánimo, poucas expectativas e pouco dinamismo do noso mercado laboral.

A brecha de xénero persiste, cunha taxa de paro entre os homes de 9,9 puntos e de 12,2 entre as mulleres.

En relación os menores de 25 anos soportan taxas de desemprego do 35,6%.

Por sectores, en relación á ocupación, obsérvase unha mellora en relación ó trimestre anterior na construción e na industria, a contracción dáse, sobre todo, nos servizos, trala temporada estival, cunha baixada da ocupación do 2,3 %, fronte á suba do 0,9 e do 0,7 na industria e construción, respectivamente.

No sector primario tamén se dá unha baixada, do 7,1 %.

No ano non hai mellora en ningún sector, salvo en servizos, cunha suba do 2,6 %, pero hai que ter en conta a conxuntura de parálise de hai un ano.

Hai en Galicia 884.300 asalariados e a taxa de temporalidade mantense elevadísima, nun 24,3 %, a cuarta parte da poboación asalariada, 215.000 persoas.

A EPA pon en evidencia, de novo en Galicia, problemas estruturais no mercado de traballo e a dificultade de Galicia para crear emprego.

Galicia pecha 2021 con 135.100 persoas en desemprego; son 7.600 menos que un ano antes, pero a cifra é tres veces inferior á do Estado: un -5,3 % na comunidade autónoma fronte ao -16,56 % estatal.



Por outra banda, Galicia ten hoxe 4700 empregos menos ca antes da pandemia, como indica a comparativa coa mesma enquisa do cuarto trimestre do 2019.

Por outra banda, analizando só ao último trimestre e non ao ano completo, os datos son «catastróficos», pois Galicia perde 21 000 empregos (-2 %), cando o conxunto do Estado rexistra un aumento (+1 %). Ao tempo, o desemprego sobe en 8300 persoas (+6,59 %), mentres que no Estado diminúe (-9,2 %), o que se traduce na perda de 12.800 persoas activas. Esta perda de emprego concéntrase no sector dos servizos (maiormente no comercio, na hostalería e na Administración pública)

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que Galicia se sitúe a cola na creación de emprego, concretamente situándose no lugar 17 do total de 19 comunidades e cidades autónomas?
2. E da perda no 4 trimestre de 2021, de 21.000 empregos en Galicia?
3. Que actuacións prevé realizar para os parados de longa duración , xa que 59.400 levan máis dun ano nesta situación? E en relación co desemprego xuvenil?
4. Pensa analizar e realizar un plan inmediato de loita coa brecha de xénero existente na nosa Comunidade?
5. Que valoración fai o Goberno galego do forte peso da contratación temporal en Galicia? E que medidas pensa adoptar ao respecto?
6. Que medidas inmediatas vai a adoptar a Consellería de Emprego en relación a precarización, temporalidade e estacionalidade que caracteriza o noso mercado laboral?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/01/2022 16:52:20

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/01/2022 16:52:29





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 16:57:54
Nº Rexistro: 29389
Data envío: 28/01/2022 16:57:54.769

Julio Torrado Quintela na data 28/01/2022 16:52:37

Marina Ortega Otero na data 28/01/2022 16:52:44

CSV: BOPGDSPG-w2d6ynHIV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a urxente declaración BIC do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside (O Castro-Sada).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de xaneiro o Grupo Parlamentar do BNG recibiamos no Parlamento unha representación da Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo de Sada (A Coruña).

O obxectivo deste encontro, que tamén tería lugar cos outros grupos parlamentarios presentes na cámara, era darnos traslado da entrega por rexistro de 1.745 sinaturas que avalan o Dereito de Petición da declaración BIC do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside.

Unha demanda que ben sabemos que non nace ex novo, senón como resultado do incumprimento do goberno da Xunta de Galiza ao non ter actuado na incoación do expediente BIC para este importante museo, conforme o acordo unánime deste Parlamento datado en 2010.

A situación de desprotección e abandono do conxunto deste patrimonio colectivo que representa o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, tanto do edificio singular como dos bens artísticos que contén, é ben coñecido e transmitido publicamente por múltiples voces.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En 2018 o Consello da Cultura Galega fixo público o Informe sobre o valor patrimonial do conxunto artístico e arquitectónico integrante do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside (O Castro-Sada) para o que considera necesario aplicar a protección propia dos Bens de Interese Cultural (BIC) para garantir a súa permanencia e preservación indisolublemente unidos, xa que a colección de arte so se comprende e pode ser asumida no marco do edificio que a acolle.

O informe reconece o relevo e significación que representa o proceso integrador entre o edificio e a colección do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, en tanto que constitúe un legado imprescindible para o coñecemento da cultura e da arte contemporáneas galegas, que o fai merecente dun grao de protección que garanta a súa integridade e a súa conservación no futuro.

Esta conservación actualmente está en severo risco pola desatención e abandono aos que se ve sometido o museo desde hai anos, por parte da propiedade actual, que mesmo conlevou o seu peche ao público desde hai máis dun lustro e á suspensión dos proxectos didácticos e culturais que acollía.

O pasado mes de setembro a Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo coorganizou xunto ao Consello da Cultura Galega e mais o Concello de Sada unhas xornadas con especialistas en arte e profesorado universitario, onde se considerou a necesidade de impulsar iniciativas tendentes á protección do museo como a solicitude de incoación do expediente de declaración como Ben de Interese Cultural (BIC), pendente desde 2010 e para o que a Xunta nunca activou o proceso de incoación que xa de seu evitaría a degradación á que se ten chegado.

Unha demanda que xa o BNG denunciou nesta cámara en diferentes ocasións durante o ano 2021 e na que constatamos o inmovilismo e o adiamento inxustificado por parte do goberno do PP na Xunta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un estado lamentábel que pon en risco a memoria da vangarda artística galega recuperada da memoria do exilio como proxecto cultural xestado por dous referentes imprescindíbeis como Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo.

Un museo que contén unha obra patrimonial de altísimo valor da autoría de Francisco Llorens, Francisco Asorey, Xosé Frau, Maside, Bonome, Laxeiro, Arturo Souto, Fernández Mazas, Cabreiro, Huici, Citino, Maruja Mallo, Lugrís, Colombo, Eugenio Granell e o escultor Antonio López, entre outros, e onde cómpre colocar en especial destaque unha parte da obra declarada xa BIC de Castelao como son as máscaras da súa autoría para a representación da peza teatral Os vellos non deben de namorarse.

O importante apoio recollido pola Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo dá mostra da elevada demanda social da necesaria protección para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside como paso previo á súa recuperación, conservación e adaptación do proxecto de musealización.

Asemade, o Concello de Sada acaba de incorporar na memoria orzamentaria para 2022 unha partida destinada a activar un convenio interadministrativo que permita a apertura do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- É coñecedor o goberno do progresivo estado de abandono en que se atopan bens patrimoniais como por exemplo o Museo Carlos Maside?

- Que medidas está a tomar o goberno para evitar esta situación que pode conducir á perda irreparábel dunha parte fundamental desta colección de vangarda e memoria artística do exilio galego?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Dispón a Xunta dun inventario actualizado dos bens patrimoniais presentes na colección do museo? Determina este inventario como é o seu estado de conservación actual?

- Como xustifica o goberno do PP que unha obra xa catalogada BIC como é a de Castelao poida estar neste museo sen medidas de protección e conservación óptimas e secuestradas ao público?

- Que razóns explican que desde o 2018 en que o CCG emitiu o seu informe técnico, coa demanda de protección BIC para continente e contido, como medida de salvagarda imprescindible, a Xunta aínda non incoase ese expediente a comezos de 2022?

- É consciente a Xunta do que este inexplicábel adiamento temporal supón para o avance da perda deste ben patrimonial colectivo único?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 31/01/2022 13:47:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 31/01/2022 13:47:09

Daniel Castro García na data 31/01/2022 13:47:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois dos numerosísimos incidentes provocados pola descordinación e polo recorte de servizos no transporte escolar e no de viaxeiros, agora, co comezo das clases após as vacacións do nadal e coa entrada en vigor do contrato de transporte escolar á empresa Monbus, continúan os problemas e, o que é máis grave, continúa a redución de servizos, sobre todo nas zonas rurais do noso país.

Nomeadamente, no Concello de Outes, nenos e nenas de varios lugares veñen de asistir á desaparición de servizos e ao empeoramento noutros casos. Un termo municipal que conta cun único CEIP após o peche definitivo do “Emilio Navasqües”, que a Consellaría de Educación publicitou como unha “fusión” entre os dous centros que existían naquel momento e que non foi máis que unha escusa para pechar de novo un centro de ensino.

O transporte escolar, que deba realizar unha indubidábel labor social, sobre todo nas zonas rurais, volve ser considerado pola Xunta de Galiza como unha vía de redución de custos e de aforro económico sen ter en conta os graves problemas que crea a súa desaparición ou a súa redución.

Neste caso, viña existindo unha liña entre os lugares de Tarás, Coiradas e Entíns para ir ao IES “Poeta Añón”, que agora vén de eliminarse.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os nenos e nenas deses lugares que cursan ensino obrigatorio, e tamén os do lugar de Cuns, quedan sen un autobús escolar nunha liña que a Consellaría fixa agora dende o lugar de Cando, que dista 4 Km. de Cuns.

Por un lado, pois, deixa sen autobuses escolares e sen liña regular a Cuns, paradoxalmente candidata a aldea modelo no ano 2019 e co compromiso da Consellaría de Medio Rural de “facer os investimentos que sexan necesarios para pór en marcha actividades agrogandeiras”. E, por outro, obriga ao desprazamento ata a parada máis próxima, que dista 4 Km.

O que debería ser a liña lóxica Cuns-Cando-Pontenafonso-Ribademar-IES “Poeta Añón”, acabou sendo un circuíto entre Cando-Pontenafonso-Ribademar para dar a volta na entrada da Serra e subir a Tarás-Coiradas-Entíns- IES “Poeta Añón”, o que está a provocar que nenos e nenas de 12 anos teñan que facer un percorrido de case unha hora para chegar ao IES que está ubicado a escasos 5 Km.

Somos coñecedores de que nestes momentos non hai nenos e nenas no lugar de Cuns que acudan ao IES, e tamén de que, a raíz da presión social e da do propio IES e ANPA, modificáronse nos últimos días algúns traxectos que, dende logo, non resolven o problema principal: A eliminación de cada vez máis servizos e os atrancos e dificultades de contar cun transporte, escolar e regular, que facilite os desprazamentos nas zonas rurais e con poboación dispersa.

A inexistencia de nenos e nenas en Cuns que viaxen ao IES neste curso, non significa que non os vaia haber nos vindeiros e que sexa razón para deixar ao resto das persoas sen ese servizo. E as últimas modificación introducidas no traxecto tampouco evitan un longuísimos percorrido ata o IES e que o alumnado destas zonas siga chegando ao centro educativo despois da hora de comezo das clases.

Os argumentos da Consellaría chocan frontalmente coa propaganda habitual da Xunta de Galiza a respecto dun suposto incremento de servizos no rural que facilitaría





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fixar poboación en determinadas zonas que o único que reciben son impedimentos e dificultades por parte da Administración autonómica. Uns argumentos que cada vez máis sonan a hipocrisía e a engano en moitos lugares e aldeas do noso país.

Ademais, non só o ensino obrigatorio está a ser vítima das políticas de recorte da Xunta de Galiza. Nesta mesma comarca, en Outes pero tamén en Esteiro, no concello de Muros, onde moitos alumnos e alumnas teñen como referencia os IES de Noia e, aínda así, as liñas habituais de Monbus non son compatíbeis cos horarios deses centros.

Prodúcese deste xeito non só un agravio comparativo entre alumnos e alumnas - que se verían na obriga de chegar con case unha hora de antelación á entrada nos IES e de agardar o mesmo tempo á saída para poder empregar o transporte público-, senón tamén a exclusión deses mozos e mozas das vantaxes da “tarxeta xoven”. Unha falla de atención que non é propia do século XXI e que mesmo provoca que nalgúns casos as nais teñan que deixar os seus traballos para achegar aos seus fillos e fillas a unha oferta educativa que non é nin próxima nin moito menos ten garantida a igualdade ao seu acceso.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1.- Que valoración fai a Xunta de Galiza do funcionamento do transporte escolar nas zonas rurais do noso país?

2.-Que razóns levaron á Xunta de Galiza a eliminar servizos de transporte escolar nos lugares de Tarás, Coiradas, Entíns e Cuns, todos eles no concello de Outes?

3.- Que valoración fai de que o alumnado deses lugares teña que facer agora un percorrido no bus escolar de case unha hora para chegar ao IES, do que distan apenas 5 Km.? Que valoración fai de que ese percorrido sexa a causa fundamental da súa impuntualidade ás clases?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- É coñecedor o Goberno galego da situación e dos horarios do transporte público que utiliza o alumnado de ensino post obrigatorio de Outes e Esteiro, no concello de Muros, para chegar aos IES de Noia nos que estudan? Considera que se poden levar a cabo modificacións neses servizos para compatibilizar os horarios escolares cos das liñas habituais?

5.- Está disposta a Xunta de Galiza a levar a cabo a reposición das liñas de transporte escolar, e consecuentemente das de viaxeiros e viaxeiras, nos lugares de Tarás, Coiradas, Entíns e Cuns, no concello de Outes? De ser así, en que prazo?

6.- Que actuacións vai levar a cabo para que o transporte de viaxeiros e viaxeiras de Noia a Muros e de Muros a Noia faga as modificacións horarias necesarias para facilitar a compatibilización co horario de entrada e saída dos IES de Noia?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 01/02/2022 10:24:07

Paulo Ríos Santomé na data 01/02/2022 10:24:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 01/02/2022 10:24:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as inmatriculacións da Igrexa católica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Igrexa católica ben gozando desde 1946 dun privilexio franquista que lle permitiu inscribir miles de bens sen ter que acreditar a propiedade dos mesmos, xa que a Lei hipotecaria e o regulamento que a desenvolveu posibilitaron que os representantes eclesiásticos actuasen como fedatarios públicos.

Aínda que a citada norma non permitía inscribir templos dedicados ao culto, por ser considerados bens de dominio público, a realidade é que moitos destes bens foron inmatriculados (inscritos por primeira vez no Rexistro da Propiedade) a nome da Igrexa entre 1946 e 1998. No ano 1998 o goberno do PP ampliou o privilexio franquista mediante unha modificación da Lei hipotecaria que lle permitía á igrexa inscribir tamén lugares de culto como igrexas, mosteiros, ermidas, capelas, catedrais, etc. Como consecuencia desta norma, entre 1998 e 2015 (ano en que se suprimir esta prerrogativa) foron inscritos case 35.000 bens a nome da Igrexa católica, dos cales unha parte poderían ser bens privados, outros de propiedade das administracións e outros de dominio público.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2017 foi aprobada unha proposición non de lei no Congreso na que se demandaba ao goberno do Estado a elaboración dun informe con todas as inmatriculacións realizadas entre 1998 e 2015, así como “reclamar a titularidade do dominio se a devandita inmatriculación se fixo sen a necesaria existencia dun título material e previo”, isto é, sen que existise algún documento que demostrase a propiedade.

Por outra parte, no ano 2018 unha Comisión de Persoas Expertas creada para determinar a titularidade da Mezquita de Córdoba recomendou anular as inmatriculacións mediante un recurso ao Tribunal Constitucional.

Ademais, no ano 2016 o Tribunal de Estrasburgo ditou unha sentenza na se cualifica de “arbitrario” o dereito de inmatriculación da Igrexa e se considera que viola o dereito de propiedade.

Resulta tamén de interese salientar o litixio gañado pola veciñanza de San Xurxo de Sacos (Cerdedo-Cotobade) contra o arcebispado de Santiago, logo de que a igrexa inmatriculase irregularmente a carballeira de San Xusto e o monte de Lixó. Neste asunto houbo ate tres sentenzas favorábeis á veciñanza: en 1991 a do xulgado nº 3 de Pontevedra; en 1992 da sección 2ª da Audiencia Provincial; e en 1996 o da sala do civil do Tribunal Supremo.

Malia que o goberno do Estado contaba desde agosto de 2018 coa listaxe das inmatriculacións realizadas desde 1998, tardou máis de dous anos e medio en facelas públicas. Unha vez que se veñen de dar a coñecer os 34.984 bens rexistrados, chaman a atención varios feitos en relación con Galiza:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A alta porcentaxe de inmatriculacións rexistradas en Galiza, 7.131, que supoñen máis do 20 por cento do total.
- A menor proporción de edificios dedicados ao culto e edificacións anexas (2.747), fronte a diferentes propiedades urbanas e rústicas como solares, garaxes, pisos, carballeiras ou campos da festa (4.384).
- A escasa información sobre moitos destes bens, sobre todo no caso de terreos rústicos, que aparece na listaxe que se fixo pública.

Tendo en conta os privilexios concedidos polo Estado á igrexa católica desde 1946 para o primeiro rexistro sen a necesidade de acreditar a propiedade, considerando o elevado número de bens inscritos e a posibilidade de que se producisen inmatriculacións de bens de dominio público ou que poderían ter outros titulares, tanto o goberno central como a Xunta de Galiza deberían promover unha investigación ao respecto e dispoñer os medios para anular as inmatriculacións irregulares e restituír os bens aos seus lexítimos propietarios.

No canto de procurar os medios para deixar sen efecto os rexistros realizados de maneira irregular, o goberno central e Conferencia Episcopal anunciaron recentemente un acordo polo que a igrexa renunciaría á propiedade 965 bens urbanos e rústicos que pertencen a terceiras persoas ou dos que non lle consta a titularidade, dos cales 9 estarían en Galiza.

Trátase sen lugar a dúbidas dunha saída en falso, que ten como obxectivo facer un lavado de cara e que impide ir á raíz do problema: desmantelar o sistema de privilexios que lle permitiu á Igrexa católica converterse na maior inmobiliaria de Galiza e do Estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Que xestións realizou o goberno galego diante do goberno do Estado en relación coas inmatriculacións realizadas pola Igrexa católica desde o ano 1998?
2. Ten previsto o goberno galego solicitar do goberno central unha investigación sobre as inmatriculacións levadas a cabo desde 1946 e sobre a viabilidade da anulación daquelas que se realizasen de maneira irregular?
3. Unha vez coñecida a listaxe das inmatriculacións, que accións prevé levar a cabo o goberno galego para a anulación da inmatriculación de bens de dominio público e doutros bens rexistrados irregularmente?
4. Prevé a Xunta a creación dunha oficina de información e asesoramento das entidades que reclamen a titularidade de bens que puideron ser inscritos irregularmente?
5. Que valoración lle merece ao goberno galego o feito de que a Igrexa só teña a intención de devolver 9 dos 7.131 bens inmatriculados en Galiza?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/02/2022 11:46:43

Iria Carreira Pazos na data 01/02/2022 11:46:49

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2022 11:46:58



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A UE na Directiva 2018/851 aprobou entre outras, un paquete de medidas que contén unha serie de obxectivos xuridicamente vinculantes para todos os estados membros, que se traducen en acadar en 2025 para os residuos municipais, o reciclado de, como mínimo, un 55 % e acadar un 60 % en 2030 e un 65 % en 2035.

Quedan 4 anos para 2025, e estamos moi lonxe de cumprir estes obxectivos, tras anos de desleixo do PP na política de xestión de residuos, que segue sen tomar medidas que fomenten a compostaxe.

De sobra é coñecida a priorización de Sogama pola revalorización e incineración antes que a reciclaxe, os datos non menten e a última medida da Consellería de Medio Ambiente tampouco.

O goberno da Xunta vén de publicar no DOG do día 28 de xaneiro, unha rebaixa dun 5 % do canon que cobra aos concellos pola incineración en 2022, mentres que encarece case un 7 % o canon por tonelada de lixo tratada na planta de compostaxe de Sogama.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non entendemos estas medidas, e cremos que repercutirán negativamente no obxectivo de reciclaxe marcado para 2025. E defendemos que o goberno da Xunta ten que tomar medidas que incentiven aos concellos á implantación do contedor marrón e a mellora dos datos de reciclaxe, mellorando as condicións económicas e axudando a que máis concellos se adhiran á planta de compostaxe de Cerceda e as futuras plantas que ten proxectadas por todo o territorio.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que medidas ten previsto levar a cabo o goberno da Xunta de Galicia para cumprir os obxectivos de reciclaxe de residuos urbanos que marca a UE para 2025?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 01/02/2022 12:56:26

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2022 12:56:35

Patricia Otero Rodríguez na data 01/02/2022 12:56:45

Juan Carlos Francisco Rivera na data 01/02/2022 12:56:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pola Lei 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade creouse o Inventario Español do Patrimonio Natural e da biodiversidade, desenvolvido polo Decreto 556/2011. O obxectivo deste inventario é dispoñer de información obxectiva, fiábel e comparábel mediante tres niveis de aproximación: Compoñentes do inventario para coñecer; Sistema de indicadores para avaliar; Informe anual para difundir.

A Lei 5/2019 do patrimonio natural e a biodiversidade de Galiza inclúe no artigo 115 o Inventario galego do patrimonio natural e da biodiversidade:

“Artigo 115. Inventario galego do patrimonio natural e da biodiversidade

1. A consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural, coa colaboración das institucións e das organizacións de carácter científico, económico e social, elaborará e manterá actualizado o Inventario galego do patrimonio natural e da biodiversidade, que recollerá a distribución, a abundancia, o estado de conservación e a utilización, así como calquera outra información que se considere necesaria, de todos os elementos integrantes do patrimonio natural de Galicia respecto dos que a Comunidade Autónoma galega teña competencias.

2. O contido e a estrutura do Inventario galego do patrimonio natural e da biodiversidade determinaranse regulamentariamente, e deberá formar parte del, cando menos, a información relativa:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- a) ao Catálogo dos hábitats en perigo de desaparición de Galicia
- b) á Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia, incluíndo o Catálogo galego de especies ameazadas
- c) á relación dos espazos naturais protexidos sitos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia
- d) ás áreas protexidas por instrumentos internacionais sitas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia
- e) ao Inventario galego de bancos de material xenético referido a especies silvestres
- f) ao Inventario de zonas húmidas de Galicia
- g) ao Catálogo galego de árbores senlleiras
- h) ao Inventario galego de lugares de interese xeomorfolóxico.”

Transcorridos dous anos e medio desde a aprobación da lei, aínda non se levou a cabo o desenvolvemento normativo necesario para a creación do Inventario e unha parte da información que debería conter non é accesíbel nin oficial. O que deriva na falta de protección, de seguimento e de avaliación do estado de hábitats, especies e espazos de grande interese valor para a biodiversidade e a prevención do cambio climático, algúns deles en perigo de desaparición.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Por que a Xunta non desenvolveu regulamentariamente o previsto no artigo 115 da Lei 5/2019 de patrimonio natural e da biodiversidade?

Que previsións ten o goberno galego en relación coa creación e divulgación do Inventario?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas de coñecemento e protección está a desenvolver a Xunta en relación cos hábitats en perigo de desaparición, as especies ameazadas e as zonas húmidas?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2022 13:18:27

Alexandra Fernández Gómez na data 01/02/2022 13:18:31



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

No Diario Oficial de Galicia do venres 17 de setembro de 2021 a Axencia Turismo de Galicia publicou a Resolución do 13 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2021, co obxecto do fomento da recuperación, da accesibilidade e da sinalización dos recursos turísticos en concellos de ata 10.000 habitantes cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística. Para esta subvención destínase un crédito orzamentario de 3,5 millóns de euros, podendo concederse ata o 100 % da actuación, cun límite de 30.000 euros.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitárase en réxime de concorrencia non competitiva cun prazo de presentación de solicitudes dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, é dicir, dende ás 00.01h do sábado 18 de setembro.

No artigo 6 das bases da convocatoria débúllase a documentación complementaria que deben presentar os concellos solicitantes e no artigo 19 establécese que a xustificación da dita subvención terá de prazo ata o 15 de novembro de 2021, é dicir, 58 días dende a apertura de solicitude da subvención. No Diario Oficial de Galicia do 11 de xaneiro de 2022 publicouse a Resolución do 27 de decembro de 2021 pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Resolución do 13 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2021.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados con esta subvención?



2ª) Cales son os motivos polos que o Goberno galego este ano empregue o procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva?

3ª) A que hora entrou na plataforma electrónica cada unha das solicitudes de subvención?

4ª) Ten o Goberno galego elaborado algún plan sobre a oferta turística nas zonas rurais?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2022 13:57:23

Paloma Castro Rey na data 01/02/2022 13:57:37

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2022 13:57:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os humidais son espazos de grande valor e ambiental, elementos clave da conservación da biodiversidade e o uso sustentábel do territorio, e teñen tamén un papel central na loita contra a emerxencia climática.

Por outra parte, teñen tamén moita importancia na regulación do ciclo hidrolóxico e na preservación dos recursos hídricos, un ben esencial para o presente e o futuro dos ecosistemas, das comunidades locais e do planeta no seu conxunto.

Malia o seu alto valor ecolóxico, son ambientes que sofren diversos tipos de ameazas e agresións por causa de aterros, drenaxes, construción de infraestruturas, instalacións de equipamentos, plantacións forestais, etc.

Para garantir a protección destes espazos, existen instrumentos de ámbito internacional, estatal e galego que prevén a súa protección, conservación e xestión. Ademais da normativa derivada do convenio de Ramsar e das directivas e comunicacións europeas, cómpre ter en conta o previsto na lei estatal sobre patrimonio natural e biodiversidade (2007), no Decreto 435/2004 polo que se regula o Inventario Nacional de zonas húmidas, na lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza, e no Decreto 127/2008 polo que se desenvolve o réxime xurídico e se crea o



Inventario de humidais de Galiza. Por outra parte, o Plan Estratéxico para a Diversidade Biolóxica 2011-2020 e as propias Metas de Aichi (CBD, 2010) establecen o marco para reformular e asegurar os obxectivos de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade.

Malia este corpus legal, a realidade é que a maior parte dos humidais galegos de importancia internacional non contan con plan de conservación. E malia que no ano 2003 se publicou o Inventario de humidais de Galiza no que se recollen un total de 1.131 humidais, a inmensa maioría deles non están protexidos nin contan con instrumentos de conservación e xestión. Actualmente Galiza conta con só 6 humidais de importancia internacional (Ría de Ortigueira e Ladrado, Complexo Intermareal do Grove-Umia, Complexo Dunar de Corrubedo, Carregal e Vixán, Lagoa e Areal de Valdoviño, Ría do Eo e Illas Atlánticas), sen que nos últimos 12 anos se engadise ningún novo espazo a esta figura máxima de protección. Unha situación que contrasta coa doutras comunidades, que incrementaron substancialmente os humidais Ramsar.

Os 1.131 espazos do inventario de humidais de Galiza distribúense do seguinte xeito:

- Humidais mariños e costeiros: 133 (13,3% do total) e unha superficie de 20.677 ha. (28,7% do total).
- Humidais continentais: 659 (58,4% do total), superficie de 34.441 ha (48,8%)
- Humidais subterráneos: 7 (0,6% do total), superficie de 0,6 ha
- Humidais artificiais: 312 (27,6% do total), superficie de 15.965,8 ha (22,7%)

Do total dos humidais, 380 están incluídos total ou parcialmente e 751 están excluídos da Rede Natura, de maneira que unha grande parte non contan con figuras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

específicas de protección. A este respecto hai que ter en conta, por unha parte, a existencia da Comisión Europea de ampliación da Rede Natura (con especial atención a turbeiras e queirogais húmidos) que deu lugar ao inicio en 2008 e 2012 de senllos procesos que foron abortados polo goberno da Xunta do PP, e, por outra, o procedemento aberto pola Comisión en 2015 a respecto da insuficiencia do Plan Director da Rede Natura (2014) como instrumento de protección e xestión destes espazos e en consecuencia a obriga de aprobar plans específicos de xestión para cada un dos espazos integrados na Rede.

Por outra parte, existe un problema no acceso á información sobre os humidais, sobre todo a partir da desaparición en 2016 do Sistema de Información Territorial da Biodiversidade de Galicia (SITEB), polo que non existe ningún enderezo web no que se poida acceder de maneira directa á información sobre os humidais que integran o Inventario de humidais de Galiza. E no Inventario Español de Zonas Húmidas, non aparecen os humidais de Galiza.

Con respecto ao estado de conservación dos humidais, existe un estudo do ano 2017, publicado polo IBADER (“Conservación e xestión de humidais”), que alerta sobre o deterioro e mal estado de conservación destes espazos. Dos 29 tipos do Inventario, só 3 teñen un estado de conservación bo, 1 ten un estado regular, e o resto (25) teñen un estado de conservación deficiente. Dos clasificados como deficientes, 8 teñen un estado de conservación “malo”, 11 teñen un estado “moi malo” (nas que se inclúen as turbeiras altas e os queirogais húmidos), e 6 tipos de humidais teñen un estado de conservación “crítico”. A citada publicación inclúe unha listaxe de 60 humidais galegos que deberían ter a consideración de “humidais protexidos” e, deles, 14 propostas de Humidais de importancia internacional (Ramsar).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na lei 5/2019 do patrimonio cultural e a biodiversidade inclúese nos “espazos naturais protexidos” a categoría de “zona húmida protexida” e prevese que se inclúan todos os espazos declarados nesta categoría no Inventario das zonas húmidas de Galiza.

